

PANORÁMICA DO DESENVOLVEMENTO DOS ESTUDOS GRAMATICAIS SOBRE A LINGUA GALEGA

ABSTRACT

Taking as a starting point the historiographical contributions previously prepared by colleagues from the Universities of Santiago de Compostela, A Coruña and Vigo, we offer an overview of grammatical studies (morphology and syntax) on the Galician language from the appearance of the first grammars in the Renaissance to the current moment, paying attention to the socio-historical circumstances that explain its little initial development and to those that more recently have contributed to its expansion, within the process of institutionalization of the Galician linguistics

KEY-WORDS

grammatical studies (synchronic morphology and syntax), Galician language.

RESUMO

Tomando como punto de partida as achegas historiográficas elaboradas previamente por colegas das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, ofrecemos unha panorámica dos estudos gramaticais (morfoloxía e sintaxe) sobre a lingua galega desde a aparición das primeiras gramáticas na época do Rexurdimento ata o momento actual, prestando atención ás circunstancias socio-históricas que explican o seu escaso desenvolvemento inicial e ás que máis recentemente contribuíron á súa expansión, dentro do proceso de institucionalización da lingüística galega.

PALABRAS-CHAVE

estudos gramaticais (morfoloxía e sintaxe sincrónicas), lingua galega.

INTRODUCIÓN

Nas páxinas que seguen pretendemos ofrecer unha panorámica do desenvolvemento dos estudos gramaticais sobre a lingua galega realizados desde un punto de vista sincrónico e centrados en calquera dos períodos da súa historia. Limitamos o noso obxecto de estudio aos traballos de morfoloxía e sintaxe, excluíndo, pois, calquera referencia a aspectos ortográficos, fonéticos / fonolóxicos ou léxicos, aínda que en moitas das obras que reciben o nome de *gramática* estean presentes con frecuencia.

Ao prestarmos atención aos traballos gramaticais dedicados ao galego medieval, resulta lóxica a inclusión de achegas elaboradas en Portugal ou no Brasil que estudan o período galego-portugués exclusivamente ou en combinación con algún otro período posterior da historia do portugués.

Os estudos historiográficos existentes sobre a tradición gramaticográfica da lingua galega conforman xa unha serie bastante ampla, polo que teremos moi en conta algunas das ideas expresadas neles para configurar a nosa panorámica; adicionalmente, como a extensión deste relatorio non permite chegar ao nivel de detalle que ofrecen moitos deses traballos, achegaremos referencias aos mesmos nos lugares oportunos para ofrecelos como posibles fontes para ampliar a información.¹ Os datos cuantitativos que presentamos na parte final proceden da consulta da base de datos *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)* (<http://www.cirp.gal/bdo/bdo-bilega3.html>), unha bibliografía analítica que estamos a desenvolver desde 1994 no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela e que se fixo pública por primeira vez a finais de 1998; este recurso de información conta arredor con algo máis de 22.000 rexistros que achegan datos sobre a historia editorial completa de traballos dedicados a todos ou algún dos períodos da historia do galego, así como sobre o seu contido.

¹ En tanto ás fontes primarias, só se inclúen nas referencias bibliográficas finais as gramáticas e algúns outros traballos dos que se ofrece algunha cita no texto ou dos que, por algunha razón, parécenos conveniente achegar os datos editoriais completos. As demais identifícanse no propio texto a través do nome do autor, o título e o ano de publicación ou, no caso dos recursos en liña, a través do título e a URL; os seus datos completos poden recuperarse da base de datos *BILEGA* á que facemos inmediata referencia no texto.

1 - ETAPAS DA LINGÜÍSTICA GALEGA²

A historia dos estudos científicos sobre a lingua galega, en comparación coa dos dedicados ao castelán e ao portugués, é temporalmente moito más curta e serodia. Concretamente, o proceso da súa gramatización, como imos ver, produciuse bastante máis tarde ca o da maioría das linguas europeas, incluídas linguas minorizadas como o éuscaro (1638), o bretón (1659), o catalán (1743) ou o sardo (1782). O apagamento da tradición literaria medieval, o abandono do seu uso polos estamentos sociais más poderosos, coa conseguinte desaparición do ámbito xurídico-administrativo a finais da Idade Media, convertérona durante séculos nunha lingua praticamente carecente de tradición escrita, transmitida só a través da oralidade polas xentes de máis baixa extracción social, socialmente desprestixiada e, en consecuencia, non digna de estudio. Relevantes investigadores españois (Alonso Zamora Vicente, Dámaso Alonso, Pilar Vázquez Cuesta etc.) puxeron de relevo na década de 1960 o gran descoñecemento do galego que ainda imperaba no ámbito científico debido ao escasísimo desenvolvemento da súa tradición de estudio ata aquel momento (Fernández Rei 1994: 156-157; Regueira 1996: 47).

A análise destes estudos tendo en conta o seu contexto histórico e ideolóxico permite comprobar que están intimamente ligados ao desenvolvemento do galego moderno como lingua escrita e que responden ás demandas e obxectivos de –polo menos– unha parte da sociedade galega nunhas circunstancias históricas que foron mudando ao longo do tempo.

No desenvolvemento da lingüística galega é habitual diferenciar dúas etapas, unha de tanteos iniciais e outra de institucionalización, situando a fronteira entre elas na segunda metade da década de 1960 ou nos inicios da seguinte. Porén, nun traballo recente, Rosario Álvarez (2019) propón distinguir tres etapas:

1.- *Etapa dos precursores* (desde 1860 a 1965), caracterizada pola carencia de especialistas galegos –ou non galegos, pero interesados polo galego– no eido filolóxico, pola aparición dun número reducido de traballos debidos a iniciativas puramente individuais, pola descontinuidade temporal deses traballos e polo illamento verbo doutras tradicións lingüísticas.

2.- *Etapa de emerxencia* (desde 1965 a 1990), na que se comeza a prestar máis atención á producción de materiais destinados a atender as necesidades derivadas da incorporación do galego ao ensino (primeiro no nivel universitario e logo nos niveis básicos), se comezan a elaborar traballos académicos de investigación (teses de doutoramento e memorias de licenciatura) e tamén traballos destinados a atender a incorporación do

² Para unha análise global da evolución da lingüística galega poden verse Santamarina (1989), Regueira (1996; 2000; 2007).

galego a novos ámbitos da esfera pública, a partir da súa oficialización en 1981.³ Nesta nova fase, moitos deses traballos xa non xorden de iniciativas puramente individuais, senón promovidos por institucións.

3.- *Etapa de madurez* (desde 1990 ata hoxe), caracterizada polo notable incremento de traballos resultantes da investigación, por unha tamén crecente especialización dos investigadores ao írense ampliando as áreas de investigación e por unha maior proxección exterior que está dando lugar nos últimos tempos a proxectos de investigación nos que participan equipos galegos e doutras universidades de fóra de Galicia (particularmente, portuguesas e brasileiras).

Adoptaremos esta última proposta para dar conta do desenvolvemento dos estudos gramaticais sobre o galego, aínda que preferimos denominar a última fase *etapa de consolidación*.⁴ Porén, cómpre aclarar que, desde unha perspectiva non limitada ao eido gramatical, sería posible retrotraer o comezo da etapa dos precursores a mediados do século XVIII, de termos en conta a obra fundamentalmente lexicográfica dos monxes bieitos frei Martín Sarmiento (1695–1772) e frei Juan Sobreira Salgado (1746–1805) (en gran parte inéditas no seu tempo), e, en menor medida, tamén a de José Andrés Cornide Saavedra (1734–1803).

2 - ETAPA DOS PRECURSORES (1860–1965)

As primeiras gramáticas do galego apareceron na segunda metade do século XIX, coincidindo co movemento de recuperación literaria da lingua, de defensa do seu prestixio e validez e de reivindicación da cultura e, en último termo, da identidade de Galicia coñecido como *Rexurdimento* e liderado por unha reducida elite intelectual de extracción burguesa liberal que se repartía polas principais cidades galegas; a fase de máximo esplendor deste movemento reivindicativo adoita situarse entre os anos 1863 e 1891, que vén coincidir co segmento cronolóxico en que se redactan os catro tratados que inauguran a tradición gramaticográfica do idioma galego. Segundo sinala González Seoane (2006a: 25),

[a] dependencia do discurso gramatical galego con respecto ás distintas formulacións ideolóxicas do galeguismo foi unha constante desde o momento mesmo da fundación da tradición. A este respecto, non convén ignorar que a propia aparición, contra mediados do século XIX, dos primeiros estudos lingüísticos sobre o galego [–despois do corte temporal respecto das achegas do século anterior–] non responde a intereses puramente científicos

³ Nese ano aprobase o Estatuto de Autonomía para Galicia [Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril (*BOE* do 28/04/1981)], en cuxo artigo 5 se declara o galego lingua propia de Galicia e se consagra a súa oficialidade –xa recoñecida na Constitución española de 1978– a carón do castelán.

⁴ Ofrecen tamén panorámicas de gramaticografía do galego Regueira (1991), Brea (1994), Sánchez Rei (2005) e Cidrás & Dubert (2017).

ou académicos, senón que é unha consecuencia máis do despegue e progresivo avance do proceso de recuperación deste idioma, fundamentalmente como instrumento de expresión literaria. Sen o rexurdimento do cultivo literario e, máis en xeral, sen o espertar no plano social e político dunha ‘consciencia galeguista’ resultaría imposible explicar este inusitado interese por unha lingua da que, salvo honrosas e contadas excepcións, ninguén se preocupara durante os séculos inmediatamente anteriores.

Así pois, os primeiros ensaios de descripción gramatical do galego deben considerarse como unha liña de actuación más do movemento rexurdimentista na que os seus autores tratan de dignificalo demostrando – do mesmo xeito que no Renacemento se fixera coas entón chamadas *linguas vulgares* – que é unha lingua de seu, como calquera outra, susceptible de ser reducida a regras. En palabras, outra vez, de González Seoane,

da mesma maneira que os historiadores se empeñan en demostrar que Galicia constituía unha entidade diferenciada cunha historia propia e singular e mesmo cunha composición étnica privativa, da mesma maneira que os escritores se esforzan en forxar unha lingua apta para expresar os más elevados sentimientos e os conceptos más sutís, os gramáticos tratan de probar que o galego non é o *patois* bárbaro e anárquico que pretenden os seus detractores, senón unha lingua ‘con gramática’, susceptible de ser reducida a regras, exactamente igual que calquera outro idioma. (2006a: 26)

De aí que considere que a gramática e o dicionario, ademais do seu valor utilitario, adquiriron un valor simbólico na medida en que foron concibidos como requisitos imprescindibles para que o galego puidera acceder á condición de moderna lingua de cultura. Repárese en que unha boa parte dos gramáticos desta primeira etapa foron tamén autores de dicionarios.

Con todo, como sinalan Cidrás & Dubert (2017: 13), aínda que os estudos lingüísticos formaban parte do programa ideolóxico de construcción nacional, a gramática tivo un peso moi escaso nese programa. Desde os inicios do mesmo no Rexurdimento, o uso literario do galego avanzou rapidamente e, en menor medida, o seu uso noutros ámbitos, mais o estudio da súa estrutura gramatical sempre se pospuso a prol doutras tarefas que se consideraron más urxentes: en primeiro lugar, no Rexurdimento, a reivindicación e dignificación do galego; logo, nas últimas décadas do XIX, a codificación ortográfica (con debates e confrontamentos que se volverían a repetir case un século despois) e a comezos do século XX, na época das Irmandades da Fala, a oficialización e a expansión do seu uso. Así e todo, “a gramática estivo sempre presente no ideario programático do galeguismo, pero o seu tempo – é dicir, a súa necesidade pragmática – demorou moito en chegar” (Cidrás & Dubert 2017: 113).

González Seoane (2018: 409) propón diferenciar na gramaticografía desta primeira etapa da lingüística galega dous períodos, en función das dúas cuestiós sobre as que necesariamente tiñan que posicionarse os autores

de gramáticas: (a) determinar cal debía ser a variedade ou variedades que adoptase(n) como base para establecer o modelo ou ideal de lingua que constituiría o obxecto da descripción gramatical, e (b) decidir a orientación máis ou menos descriptiva ou prescritiva que debían dar ás súas obras. O primeiro período estaría representado polas que chama “gramáticas do período rexionalista” (as escritas no século XIX) e o segundo polas “gramáticas do período nacionalista” (as escritas entre 1916 e 1931), que cronoloxicamente se corresponden co período de actividade das Irmandades da Fala (1916-1921) e o da Xeración Nós (1921-1931).

2.1 - Gramáticas do Período Rexionalista⁵

En xeral, os tratados gramaticais deste primeiro período amosan as seguintes características:

- (a) Pretenden demostrar que o galego era tan merecente de estudo e atención coma calquera outra lingua e que, en consecuencia, podía ser descrito cos mesmos instrumentos (González Seoane 2006a: 26).
- (b) Inclúen, ademais dos contidos propriamente gramaticais, outros elementos alleos a unha obra deste tipo, é dicir, presentan un carácter que algúns investigadores cualificaron como “misceláneo”.
- (c) Utilizan como metalingua o castelán.
- (d) Tenden a centrarse nos trazos diferenciais do galego fronte ao castelán e utilizan a gramática do segundo como subsidiaria, razón pola que con moita frecuencia omiten a descripción daqueles en que as dúas linguas coinciden.
- (e) Adoptan unha orientación fundamentalmente descriptiva, en boa medida pola falta de referentes literarios consolidados que puideran orientar unha proposta normativa de estándar.

Cómpre aludir, en primeiro lugar, a un proxecto fracasado dunha *Gramática y vocabulario del dialecto gallego*, atribuído a Ramón Álvarez de la Braña. A obra, concibida como unha gramática teórico-práctica completada cun vocabulario que recollería as voces utilizadas nela, comezou a publicarse por entregas en 1863, pero parece que só chegaron a aparecer dous pregos (González Seoane 1992: 8).

En consecuencia, a primeira obra en aparecer completa foi o *Compendio de gramática gallega-castellana* de Francisco Mirás (1864).⁶ Trátase dun

⁵ As análises historiográficas dedicadas específicamente ás gramáticas decimonónicas son as seguintes: Henríquez Salido (1986), Rodríguez Vilarinho (1989), González Seoane (1992; 1994), Sánchez Rei (2006a), López (2016) e Vázquez Villanueva (2001).

⁶ Ademais dos traballos dedicados a ofrecer unha panorámica da gramaticografía do galego, para a gramática de Mirás pode consultarse Fernández Salgado & Fernández Salgado (2002).

traballo con contidos moi heteroxéneos –como ben revela o título⁷, na que os aspectos gramaticais ocupan apenas 28 das 148 páxinas en 8º de que consta. A maior parte (90 páxinas) está ocupada por unha antoloxía de textos literarios de moi discutible valor. O vocabulario (p. 36-56) achega unhas 400 voces. Os contidos gramaticais corresponden a unha breve morfoloxía centrada nos artigos, na declinación dos substantivos, na declinación dos pronomes persoais, na conxugación dos verbos e, por último, nos adverbios; pouca cousa, en definitiva, para poder considerala unha descripción mínimamente completa. En todos os casos, a continuación da forma galega indícase a castelá (agás no caso dos artigos, onde a información aparece invertida). Constitúe, pois, o que poderíamos chamar un rudimento de “gramática bilingüe”, cuxo valor para unha gran parte dos que se ocuparon de analizala é unicamente histórico e simbólico, por ser a primeira gramática do galego moderno.

Se temos en conta o que di o autor, o obxectivo da obra non é que os galegos aprendan a expresarse e a escribir ben na súa lingua, senón que a aprendan os casteláns que viven no país e non son capaces de entender aos nativos.⁸ Mais, en realidade, o espírito que impulsou a Mirás a escribir esta gramática é o mesmo que pouco despois vemos en Cuveiro, Saco Arce ou Valladares: dignificar o galego para, así, contribuír á maior gloria da Patria.

O modelo de galego que describe (e que reflicte na exemplificación) parece corresponder á variedade occidental (con seseo e gheada), que adoita identificarse coa da comarca compostelá. Porén, no vocabulario inclúense –segundo confesa o propio autor– voces escoitadas “de viva voz á diferentes gallegos de todos lugares” (Mirás 1864: 10). Á parte disto non se atopa na obra ningunha outra referencia á situación dos dialectos galegos.

A segunda obra con contidos gramaticais é *El habla gallega: Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Cuveiro 1868) de Juan Cuveiro Piñol (1821-1906), que tivo unha segunda edición moi aumentada en 1876. Escrita en castelán e, como todas as desta época, co obxectivo patriótico sinalado para a de Mirás, tamén posúe moi escaso valor, mesmo xulgada en termos da época. Na primeira parte, despois de referirse ás dificultades que supón escribir unha gramática do galego debido a que carece de “unidad tópica” (é dicir, por ter variantes locais do tipo *man / mau*), ofrece unha información básica e anticuada sobre a formación da lingua, inspirándose, entre outros,

⁷ O título completo é o seguinte: *Compendio de gramática gallega-castellana con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedidos de unos diálogos sobre diferentes materias, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor.*

⁸ “Muchos al oír hablar à un labriego no le pueden entender, según lo haremos ver palpablemente en los diferentes diálogos que sobre varios asuntos se pondrán en el presente compendio” (Mirás 1864: 7).

en frei Martín Sarmiento. A segunda parte ocupa 38 páxinas e, ademais de ofrecer algunas notas de fonética e ortografía, céntrase na “Analogía”, unha morfoloxía elemental na que se achegan algunas nocións sobre o artigo, os accidentes do nome, os numerais, os pronomes e as conxugacións dos verbos.⁹

Como outros autores, Cuveiro non ofrece unha descripción completa da gramática galega, posto que utiliza a gramática castelá como subsidiaria da galega, evitando a explicación daqueles aspectos nos que as dúas linguas son semellantes e concentrándose só nos trazos diferenciais:

Siendo el habla gallega en su estructura y formas, igual á la castellana, con algunas diferencias que iremos estampando, nos parece inutil esplicar aqui los sonidos, partes de la oracion, declinacion del artículo, números, personas y géneros, puesto que en cualquiera de nuestras gramáticas, se hallarán nociones generales, no solo de aquellas, sinó de las cuatro partes en que se divide ésta: ortografia, analogia, sintaxis y prosodia (1868: 7)

Juan Antonio Saco Arce (1835–1881) é o único autor que parece ter unha formación lingüística máis solida, como o demostra o feito de ser crego (hai que supoñerlle un bo coñecemento do latín) e ter exercido como catedrático de grego no instituto de Pontevedra e logo de retórica e poética no de Ourense, a súa terra natal; segundo Santamarina (2018: 331) moi probablemente coñecía tamén linguas como o hebreo, o francés, o italiano, o portugués (que cita algunha vez) e quizais o provenzal e o catalán, xa que foi tamén profesor en Castellón. Entre os historiógrafos da lingüística galega é unánime a opinión de que a súa *Gramática gallega* (Saco Arce 1868)¹⁰, reeditada en 1967, constitúe a descripción más completa e valiosa das que viron a luz nesta primeira etapa e que nela beberon en diversa medida os gramáticos posteriores¹¹, incluído o mesmo Ricardo Carvalho Calero,¹² autor da primeira gramática relevante da etapa de emerxencia. Ademais do seu interese para a historiografía da lingüística galega, a de Saco Arce é a única gramática das publicadas no século XIX que achega información aproveitable hoxe.

⁹ Á sintaxe só lle dedica unha páxina na que indica que a continuación achega varios textos en verso e prosa que mostran os modismos e as principais diferenzas sintácticas entre galego e castelán.

¹⁰ Velaquí algúns traballos dedicados especificamente á análise desta obra: González Seoane (2018), Dubert (2018), López (2018), Martínez (2018), Santamarina (2018).

¹¹ Cf. “Unha boa parte das gramáticas e dos traballos posteriores á de Saco Arce ten a súa inspiración nesta obra, ainda que os resultados non estean en moitos casos á altura das fontes orixinais” (Sánchez Rei 2005: 105).

¹² O propio profesor ferrolán reconece esta débeda (Carballo 1974: 30). Nas referencias a esta figura central das letras galegas utilizaremos para o seu primeiro apelido a última forma que el adoptou (Carvalho), en lugar da que aparece na súa gramática (Carballo). Loxicamente, na identificación das citas da gramática mantemos esta última.

A obra consta de 259 páxinas e dous apéndices que ocupan outras 50 páxinas.¹³ A parte propiamente gramatical consta das seguintes seccións: (1) “Observaciones sobre las letras” (= fonética) (p. 14-21); (2) “Lexología ó tratado de las palabras” (= morfoloxía) (p. 22-141); (3) “Eufonía”, que trata dos encontros vocálicos (p. 141-154); (4) “Sintaxis” (p. 155-215); (5) “Modismos notables” (p. 216-222); 6) “Prosodia” (p. 223-225), que trata da sílaba tónica, dos ditongos e do contraste entre galego e castelán en canto ao acento dalgunhas palabras; 7) “Ortografía” (1868: 226-259), con varias epígrafes que corresponden a aspectos alleos á gramática: “subdialectos do galego” (primeira clasificación das variedades diatópicas), “nomes propios” e “diferencias principais entre o galego e o castelán” (vozes de radicais diferentes ou voces cognadas que teñen solucións fonéticas distintas” (Santamarina 2018: 335). Estamos, pois, outra vez diante dunha gramática con contidos heteroxéneos, pero, sen dubida, a máis completa das que se escribiron neste período en canto aos especificamente gramaticais. Con respecto á morfoloxía, que como adoitaba ser habitual nas gramáticas da época é a parte máis extensa, Santamarina xulga que “canto di neste apartado (120 páxinas), con más ou menos lagoas, aínda é de lei hoxe. Unha fazaña notable para un rapaz de 33 anos á altura en que escribiu este manual, todo baseado en observacións propias, porque antes del non había nada” (2018: 333).

Segundo González Seoane (2006a: 26), esta obra é a que seguramente reproduce de forma máis fiel a serie de argumentos aducidos polo galeguismo da época:

O seu afervoadó prólogo constitúe un magnífico exercicio de ‘defensa e ilustración’ do idioma en que se combinan a defensa radical da súa dignidade estética, a reivindicación da súa liñaxe nobre, mesmo aristocrática, e consecuentemente o rexitamento da súa consideración de dialecto ou variante deturpada do español, a exaltación de certas virtudes (eufonía, musicalidade, dozura, etc.) atribuídas topicamente ao idioma, a apelación aos galegos para que cumpran co deber patriótico e filial de preservaren e transmitiren a súa lingua como un herdo recibido dos devanceiros, etc.

Un dos aspectos que máis chama a atención neste tratado é a proposta dun galego popular, rústico e aldeán como modelo ou ideal de lingua, o cal contrasta coas posicións maioritariamente sostidas por outros autores coetáneos e posteriores, que manifestan, polo xeral, uns fortes prexuízos antipopularistas. Saco Arce é, pois, o representante máis cualificado do que González Seoane chama corrente “popularista”, concepción do estándar “que

¹³ O primeiro achega 581 refráns (1868: 263-282), que serían reeditados posteriormente en varias entregas da revista *A Monteira* do ano 1890, e o segundo unha mostra de “Poesías escogidas” de varios autores (1868: 284-313).

tenta achega-lo máis posible o galego culto ó uso real dos falantes” (1994: 77). Este recurso ás variedades orais xustifíca pola falta dunha tradición literaria consolidada no momento de composición da obra, con autores capaces de erixirse en autoridades en materia lingüística. En opinión de González Seoane, “[e]sta opción débese probablemente a unha idealización do mundo rural galego inspirada polo seu profundo conservadorismo e polo seu catolicismo ultramontano, que ve nas cidades e vilas un foco de corrupción moral e de irradiación de hábitos de vida modernos, que ten tamén repercusións no terreo lingüístico” (2018: 416).

Na obra tamén se constata unha orientación claramente descriptiva, como o demostra non só a forte contención dos xuízos normativos, senón tamén a incorporación ao texto de variantes de diversos tipos (fonéticas, morfolóxicas, léxicas) e a preocupación do autor por ilustrar a descripción cunha rica exemplificación que demostre a validez das regras ou preceptos que formula. Por outra banda, é frecuente que incida contrastivamente naquelhas características que diferencian o galego do castelán.

A cuarta e última gramática deste período son os *Elementos de gramática gallega* (Valladares 1970 [1892])¹⁴ de Marcial Valladares Núñez (1821-1903). É un texto de 153 páxinas, escrito en castelán, cuxa redacción iniciou en 1855, segundo el mesmo declara no limiar, e que parece estar preparado para a imprenta en 1892 (ano en que aparece datado o manuscrito), pero que permaneceu inédito ata 1970 e, polo tanto, non tivo ningunha influencia no desenvolvemento posterior da gramaticografía galega. Os seus obxectivos son tres (Valladares 1970 [1892]: 9): (1) “justificar, hasta donde alcanzamos, la no caprichosa escritura en nuestro *Diccionario gallego-castellano* (Valladares 1884)”; (2) dar a coñecer de maneira sinxela as regras gramaticais que deberían aprender todos os nenos na escola e logo todas as clases sociais, “si han de tener mediana conciencia de lo que en gallego hablen y más aún de lo que en gallego escriban”; (3) “contribuir en algo, pero sin pretensiones, al lustre y á la gloria de nuestra patria”. Así pois, comparte cos gramáticos anteriores idéntico empeño patriótico. No mesmo prólogo tamén salienta a febleza da tradición grammatical galega, facendo referencia á obra de Mirás, que xulga con severidade ao cualificala “en extremo deficiente”, e á de Saco Arce, “excelente, como libro de consulta, por ser de lo mejor que sobre el particular se há escrito” (Valladares 1970 [1892]: 9). E, ademais, bota en falta unha Academia “regional” que puidese acometer a tarefa de redactar unha gramática, que xulga difícil de levar a cabo por unha soa persoa.

¹⁴ A información sobre esta gramática pode ampliarse en Fernández Salgado (2004) e Fernández Salgado (2005).

Non deixa de ser curioso que sexa a única gramática do período rexionalista que ofrece unha definición da disciplina, polo demais, absolutamente tradicional e, segundo González Seoane (1992: 206), probablemente inspirada na que achegan algunas ediciones coetáneas da gramática da Real Academia Española. Estreitamente relacionada con esa definición está a súa orientación, netamente distinta da das gramáticas anteriores, ao situarse na liña do prescritivismo da tradición grammatical castelá; o texto de Valladares representa, pois, unha excepción entre as gramáticas deste período, nas que predomina a descripción,¹⁵ e constitúe un precedente das gramáticas do período nacionalista, más orientadas a ofrecer recomendacións normativas (Fernández Salgado 2004: 48-49).¹⁶

Se ben no comezo se afirma que “[h]ai en esta gramática, lo mismo que en la castellana, francesa, inglesa y todas las gramáticas lo que llamamos analogía, sintaxis, ortografía y prosódia” (Valladares 1970 [1892]: 11), non estamos diante dunha descripción grammatical completa, como o propio autor reconece:

No es nuestro ánimo tratar con amplitud y separación de cada una de ellas [...] ; es, si, solo dar á conocer grammaticalmente algo del dialecto gallego, de ese dialecto que mamamos, á los que, por flojedad, ó por capricho, le conceptúan indigno de su aprecio. Y, siendo parte primera y principal la analogía, de ella principalmente tratarémos” (Valladares 1970 [1892]: 11)¹⁷

Son uns rudimentos de morfoloxía, completados con algunhas notas de ortografía e prosodia, e praticamente nada de sintaxe.¹⁸ Ademais, inclúen varias listas de elementos léxicos coa súa tradución castelá (nomes dos días da semana, dos meses, das estacións, nomes de persoa, nomes de titulares

¹⁵ A maior presenza da orientación descriptiva nas gramáticas deste primeiro período deberíase a que “aparecerán publicadas nos momentos aurorais do Rexurdimento, cando o cultivo do galego apenas iniciara o seu despegue” e a conseguinte falta dunha tradición literaria constituiría “un obstáculo para a adopción por parte dos seus autores dunha orientación prescritiva” (González Seoane 2006a: 26). Sánchez Rei (2005: 108), en cambio, sostén que a maioria dos tratados que configuran o discurso grammatical galego –incluídos os deste primeiro período– teñen carácter normativo, ainda matizando que “non todas posúen o mesmo grao desta particularidade, mais é notable, insistimos que con diferenzas de intensidade, esa pegada prescritiva”.

¹⁶ Este mesmo investigador xulga a obra como “un producto autóctono mimético da ideoloxía grammatical española que dominaba o ambiente lingüístico e cultural das élites provinciais, tanto a través dos distintos graos de ensino como do exercicio da administración estatal (debemos lembrar aquí os estudos universitarios do autor e os varios cargos político-administrativos desempeñados por el en Pontevedra).” (Fernández Salgado 2004: 49)

¹⁷ Fernández Salgado (2004: 49) interpreta esta pasaxe nos seguintes termos: “non é a primeira intención tratar por extenso nin de maneira científica a gramática do galego, senón a de comunicar a un público pouco devoto do galego certos coñecementos lingüísticos que posibilitarian corrixir a lingua falada e escrita e reverterían na propia estima e consideración do galego. [...] As pretensiones mitigadas, manifestas na redacción eufemística do parágrafo [...], adquieren o verdadeiro sentido cando se repara nunha audiencia pouco atenta e favorable á lingua rexional”.

¹⁸ Á sintaxe dedicaselle un párrafo de oito liñas onde se define a “frase” e se ofrece unha mínima exemplificación.

de santos), de modismos (tamén con tradución castelá), de refráns e ditos que o autor supón inéditos, de máximas, a tradución ao galego dun texto de Gracián e unha antoloxía de poesías. Atopámonos, pois, diante dun epítome de gramática que amosa o carácter misceláneo que define as obras que estamos a analizar.

En canto ao modelo de lingua, Valladares é un claro representante da corrente “cultista” (González Seoane 1994: 77), xa que considera que o galego popular está cheo de incorreccións e vulgarismos que de ningún xeito se poden elevar á categoría de norma culta. Por iso, mantén que o gramático non pode limitarse a describir a realidade lingüística, senón que debe ir máis alá, expurgando formas incorrectas e vulgares e elaborando unha lingua que poida converterse en instrumento para a comunicación de xente fina e cultivada.

2.2 - Gramáticas do período nacionalista¹⁹

Neste período que abrangue desde o ano 1916 ata 1931 (pero que poderíamos prolongar ata o comezo da guerra civil), só apareceron dúas gramáticas,²⁰ malia que en 1905 se fundara na Habana a Asociacion Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, en cuxo regulamento se establecía, entre outras obrigas, a de “dar unidad al idioma gallego por medio de la publicacion de una Gramatica y un Diccionario” (apud Fernández Rei 2009: 111) e que, entre os obxectivos que se fixaron no Regramento das Irmandades da Fala en 1918 figuraba o de “[p]rocurar a divulgazón e fixación do galego, faguendo e axudando a faguer e imprentar gramáticas, dicionarios y-en xeneral, libros galegos” (apud Fernández Salgado 2000: 125). Uns anos despois, Aurelio Ribalta xustificaba a exiguidade das gramáticas galegas polo limitado público que tiñan:

En gallego ai poucas gramáticas; pro e que a xente non pide ter mais. Nas botan de menos. As moitas gramáticas das outras linguas responden aas nezesidás da enseñanza. Pro en Galicia non se estudia o gallego, depréndese sin libros [...]. Por esta razón “de feito”, non “de razón”, abonda ben con satisfazere aas nezesidás dos eruditos, dos curiosos, dos literatos –deiqú ou de fora, cáxeque mais de fora qe da casa. (1916: 280-281)

As gramáticas deste período seguen a manifestar un carácter misceláneo nos seus contidos, mais, como novidade, amosan os seguintes trazos:

¹⁹ Sobre este período poden verse os seguintes estudos específicos: González Seoane (1992), Henriquez Salido (1992) e Fernández Salgado (2000: 121-195).

²⁰ Hai noticia de que pouco despois de rematada a guerra civil, en 1940, Aurelio Ribalta chegou a escribir unha gramática ainda inédita, cuxo manuscrito se conserva na biblioteca do convento franciscano de Santiago de Compostela.

- (a) Están escritas en galego.
 - (b) Adoptan unha orientación claramente prescritiva nun momento en que a necesidade de configuración dun estándar se sinte dun xeito moi máis perentorio ca no período rexurdimentista.
 - (c) Parecen terse liberado da dependencia da gramática castelá, sobre todo a gramática de Lugrís (1922), máis desenvolvida que a de Carré (1919).

A primeira en publicarse foi o *Compendio de gramática galega* (Carré 1919)²¹, que apareceu co acrónimo R. A. (= Ramón Alvariño), pseudónimo de Leandro Carré Alvarellos (1888–1976). Propiamente, non constitúe unha descripción grammatical completa, senón un brevíssimo epitome, xa que consta únicamente de 36 páxinas que amosan unha organización moi deficiente. Nunha nota publicada o mesmo ano no nº 87 do semanario *A Nosa Terra*, o autor indica que para preparar este traballo se baseou “nunha Gramática castellana que me serviu para estudar sendo neno na escola; nunha Gramática das escolas (portuguesa) e na Nova ortografía portuguesa” (p. 3), pero foi moi criticado ao ser acusado de copiar servilmente a Saco Arce sen citalo. Esta crítica fixo que o apoio que inicialmente lle prestaron a esta obra as Irmandades da Fala desaparecese totalmente.

Tres anos despois aparecería a *Gramática do idioma galego* (Lugrís 1922)²² de Manuel Lugrís Freire (1863-1940), que, fronte a todas as gramáticas anteriores, tivo un éxito moito maior, xa que a primeira edición se esgotou ao pouco tempo de saír do prelo.²³ Así mesmo, as Irmandades da Fala déronlle un apoio incondicional a través do seu órgano de prensa, a revista *A Nosa Terra*, malia que outros sectores da intelectualidade galeguista a recibiron con bastante indiferenza ou mesmo con aberta hostilidade. Lugrís, ademais de fundador e integrante da Irmandade da Fala da Coruña (a primeira e más grande desta organización nacionalista), foi membro de número da Real Academia Galega desde a súa fundación e ata a súa morte en 1940, exercendo o cargo de Presidente da institución entre maio de 1934 e agosto de 1935.

A obra de Lugrís supuxo un paso moi importante no proceso de codificación do corpus, xa que nela se propón un modelo de lingua culta que, áinda tendo en conta a oralidade, evite calquera tipo de vulgarismo. Lugrís propugna un ideal de lingua que avance no proceso de urbanización do idioma, incorporando o préstamo culto para ampliar o seu abano funcional, sen por iso deixar de se asentar na lingua popular. Esta proposta entronca directamente co modelo lingüístico defendido polas Irmandades da Fala, que, como parte do seu ideario político nacionalista, consideraron

²¹ Sobre esta obra, vid. Fernández Salgado (2000: 126-131).

²² Dedicaron estudios específicos a esta obra Sánchez Rei (2006b), González Seoane (2006a), González Seoane (2006b), Sánchez Rei (2009b) e Sánchez Rei (2016).

²³ A obra tivo unha segunda edición aumentada en 1931.

a lingua como elemento esencial da entidade nacional galega e que, polo tanto, era necesario evitar a súa recuperación literaria exclusivamente en obras de cariz ruralista e folclórico, estendendo o seu uso a outros xéneros textuais, elevala ao rango de (co)oficial e introducila no ensino; en definitiva, convertela nunha lingua moderna e urbana.

Segundo Ernesto González Seoane, a gramática de Lugrís “presenta, a carón de evidentes elementos de continuidade con respecto á feble tradición grammatical galega, numerosos aspectos certamente innovadores que afectan tanto á concepción e ao discurso grammatical propriamente ditos como ao ideal de lingua que a obra trata de reflectir e promover” (2006a: 25). Entre as características continuistas hai que sublinhar, en primeiro lugar, o seu carácter misceláneo, posto que á descripción propriamente grammatical se lle engaden unha serie de aditamentos alleos á gramática (nomes de persoas, topónimos, nomes de meses e días da semana, a denominación dos ventos, unha táboa de castelanismos, mostras literarias e un vocabulario galego-castelán). Incluso nos capítulos descriptivos se insiren consideracións totalmente alleas a un texto grammatical, como observacións sobre temas de actualidade ou mesmo anécdotas persoais. Por outra banda, as definicións dos conceptos grammaticais reproducen en boa parte, más ou menos literalmente, as que se poden atopar nas gramáticas castelás da época, como xa o facían as gramáticas anteriores. Neste aspecto tamén cómpre ter en conta que Lugrís fixo un uso intensivo da información que lle ofrecía a gramática de Saco Arce.

En canto ás novidades, Lugrís é o primeiro gramático que se esforza por liberar o discurso grammatical galego da dependencia do castelán. Esta vontade maniféstase non só na adopción do galego como metalíngua, igual que previamente o fixera Carré (1919), senón tamén na coidadosa exclusión de calquera remisión ao castelán. Por iso, naquellos pasaxes en que trata de xustificar as lagoas ou as omisións na súa descripción xa non apela, como facían Saco e Cuveiro, ou como fará máis adiante Carvalho Calero, á semellanza de galego e castelán, senón á que gardan as “línguas hispánicas modernas” (1922: 11) ou, en xeral, “todal-as falas neo latinas” (1922: 85). Isto, naturalmente, non significa que non siga utilizando como fonte de información a tradición gramaticográfica castelá, sobre todo para a definición das categorías grammaticais, ainda que poña moito coidado en ocultalo (González Seoane 2006a: 30).

A segunda característica innovadora é a adopción dunha orientación claramente prescritiva. No prólogo xustifica este cambio pola evolución que tivo a lingua literaria despois do primeiro período de esplendor que representan as principais figuras do Rexurdimento, entre as que cita a Rosalía de Castro (1837-1885), Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), Manuel Curros Enríquez (1851-1908) e Eduardo Pondal (1835-1917). Lugrís

presenta esa evolución como un proceso de decadencia que se iniciou na etapa tardorrenacentista e que, agravado, cre que continúa nos seus días, a través da anarquía que manifestan os escritores (González Seoane 2006a: 31). Cómpre, pois, superalo fixando unha variedade unificada e limpando a lingua de todos os elementos que lle sexan alleos:

Pasados aqueles días de gloria escentilante, outros escritores, sin faceren siquera un exame do que debían ter como modelos literarios e lingüísticos, comenzaron a emplegar a nosa fala c'un desconocemento comprento das suas leisóns fonolóxicas e gramaticás. Unha verdadeira anarquía noxenta produxeron dentro das nosas letras. [...] Este mal agravouse nos días d'agora, e d'aquí nasceu o pensamento de eu, o mais humilde dos vellos escritores, enxergarse esta Gramática, coa fin de que os bôs e estudosos puderan achar nela algunas regras de proveito para se guairen no emprego da nosa fala (Lugrís 1922: v-vi)

Así pois, esta combinación de elementos continuistas e innovadores explícase, por unha banda, polas reformulacións que experimentou o discurso político galeguista no primeiro terzo do século XX, de modo particular no tocante ao papel reservado ao idioma, e, por outra, polos avances no cultivo e na elaboración do galego como lingua escrita:

Lugrís, como antes fixera Saco, e como algúns anos despois fará Carballo, coloca a súa obra ao servizo da causa do galeguismo. As evidentes diferenzas que separan as súas gramáticas non se deben, de certo, á súa adscrición a correntes teóricas distintas nin derivan tampouco dos avances no coñecemento da realidade lingüística galega. Pola contra, é a evolución ideolóxica do galeguismo e a mudanza dos seus obxectivos programáticos o elemento que en última instancia explica os cambios. O interese da gramática de Lugrís non debe buscarse, pois, no seu contido descriptivo, que ofrece escasas novidades con respecto a Saco, senón no cambio de rumbo que supón a súa aposta por unha orientación prescritiva e a súa vocación de liberar o discurso gramatical galego da tutela do castelán. (González Seoane 2006a: 35)

2.3 - Outros traballos da etapa dos precursores

Ademais dos escasísimos tratados gramaticais publicados durante este longo período de 100 anos, no terreo da investigación tamén son mínimos os traballos que ou ben de forma exclusiva ou, máis frecuentemente, prestando atención tamén a outros aspectos, achegan información gramatical; a maioria están centrados na lingua medieval. Así, en 1900 Andrés Martínez Salazar publicou unha edición do códice da Crónica Troiana (século XIV), acompañada de notas gramaticais e información léxica sobre o texto que preparou Manuel Rodríguez Rodríguez; este mesmo autor publicou en 1902 en tres entregas un artigo que pretendía servirles de guieiro aos escritores galegos para que “procuren cultivar con la debida perfección el idioma” (Rodríguez 1902: 12); na terceira entrega describe os determinantes do nome, os pronomes persoais, os numerais e algúns aspectos do verbo galego. Dous anos despois aparecería en alemán unha breve descripción morfolóxica

do galego moderno (Cornu 2004) con datos tirados da gramática de Saco Arce (1868); o *Boletín da Real Academia galega* publicaría por entregas en 2006, nos cinco primeiros volumes do tomo 1, unha tradución castelá preparada por Fernando Martínez Morás.

Nos anos inmediatamente anteriores á guerra civil unicamente atopamos o traballo de Antonio Couceiro Freijomil, *El idioma gallego: Historia, gramática, literatura* (1935),²⁴ que, malia incluír o termo *gramática* no título, non se pode considerar como un tratado gramatical. O seu obxectivo é “condensar todos os coñecementos arredor do galego e da súa producción literaria existentes na altura” (Sánchez Rei 2005: 100). O capítulo I é de carácter sociolingüístico e trata dos conceptos de *idioma* e *dialecto*, da superioridade expresiva das linguas rexionais, da extensión do galego e das súas variedades dialectais. O capítulo II céntrase na historia do galego, describindo a formación dos diversos romances, a situación lingüística prelatina, particularmente en Galicia, ata a época da dominación romana, e o problema dos substratos e dos superestratos xermánico e árabe. O cap. III é un apretado resumo de gramática histórica.

Despois da guerra civil (entre 1939 e 1964) as contribucións ao coñecemento das características gramaticais do galego seguen a ser moi escasas. Atopamos achegas dialectais, algúns traballos de lingüística histórica, algunas contribucións ao coñecemento da lingua de algúns autores literarios e, sobre todo, estudos de etimoloxía galega, galego-portuguesa ou iberorrománica, pero os estudos de gramática sincrónica praticamente non existen. Como excepción, pódense citar, en primeiro lugar, as varias memorias de licenciatura presentadas entre 1948 e 1963 nas Universidades de Lisboa e Coimbra, centradas en diversos aspectos do portugués medieval (incluíndo, polo tanto, datos do galego-portugués), completados nalgún caso con datos do portugués moderno.²⁵ Así mesmo, Otero (1952) ofrece unha

²⁴ Foi publicada inicialmente en 1926 co título *El idioma gallego* como capítulo (p. 161-327) da *Geografía General del Reino de Galicia* de Francesc Carreras y Candi. Na edición de 1935 inclúese como apéndice o artigo “Ortografía gallega. Bases para su unificación”, que xa publicara ao longo de 1928 en varias entregas no xornal *El Pueblo Gallego* e logo en forma de folleto en 1929. Sobre esta obra, vid. Álvarez (1990) e Fernández Salgado (2000: 74-119).

²⁵ Na Universidade de Lisboa presentáronse as seguintes (unha parte delas dirixidas por Luís F. Lindley Cintra, mais todas inéditas): Maria Fernanda Alves Russo dos Reis: *A negação no português arcaico e moderno* (1948); Elsa Canhoto Correia: *A superlativação no português medieval* (1949); Maria Alexandrina Pimentel: *Leitura, estudo gramatical e glossário de um texto do século XIV (1359): T.T. gaveta 11, maço 8, nº 37* (1953); Maria Manuela Fialho Cavaleiro Miranda: *Estudo fonético, morfológico e sintático acompanhado de um glossário da versão portuguesa de Flores de las leyes* (1958); Fernão Domingos Ferreira Mendonça Perestrelo: *O livro dos bens de D. João de Portel: Estudo da ortografia, fonética, morfologia e vocabulário* (1963); Cremilda Berjano Caeiro Palma: *A linguagem dos foros de Santarém* (1964). Das presentadas na Universidade de Coimbra, a de Maria da Piedade Canaes e Mariz de Pádua: *A ordem das palavras no português arcaico (Frases de verbo transitivo)* (1955), foi publicada pola propia universidade cinco anos despois, mentres que a de María Teresa Botelho de Sousa Vieira: *Ser e estar no português medieval* (1961) permaneceu inédita

breve relación de formas de verbos irregulares recollidas en diversos puntos de Galicia, mais non documentadas na única gramática histórica do galego publicada ata entón, os *Elementos de gramática histórica gallega* (1909) de Vicente García de Diego.

3 - ETAPA DE EMERXENCIA (1965–1990)

Entre os lingüistas que exploraron a evolución dos estudos sobre o idioma galego parece existir consenso en que o inicio do proceso da súa institucionalización se produciu entre anos finais da década de 1960 e comezos da seguinte (Fernández Rei 1994: 158; Regueira 1996: 48). En consecuencia, estritamente falando poderíase dicir que, como tradición cun grao crecente de institucionalización, a lingüística galega apenas conta con medio século de antigüidade.

O inicio da institucionalización veuse impulsado por varios acontecementos que pasamos a resumir a continuación. En primeiro lugar, despois do longo período de silencio e represión das manifestacións culturais galegas por parte dos vencedores na guerra civil, na década de 1960 a producción literaria en galego foi recuperando paulatinamente o pulso de preguerra. Ademais, no final dessa década e na seguinte a defensa da lingua galega e a reivindicación da súa normalización social foi facéndose habitual en actos culturais de moi diverso carácter. No eido da acción política, nos anos 60 xurdiran en Galicia dous partidos clandestinos de ideoloxía nacionalista de esquerdas –o Partido Socialista Galego (1963) e a Unión do Povo Galego (1964)–, entre cuños obxectivos figuraba a defensa do galego como lingua oficial e, por esa razón, consagraron o seu uso na actividade política. Arredor deste nacionalismo emerxente, creáronse varias asociacións culturais –*O Facho* na Coruña, *O Galo* en Santiago de Compostela e *Abrente* en Ribadavia– que serían focos de resistencia ideolóxica ao franquismo e de dinamismo cultural na procura da dignificación da lingua e do país; algunha delas, como O Facho, promoveu cursos de galego e adoptou iniciativas para a normativización do idioma;²⁶ deste xeito, o asociacionismo cultural, unido ao político, convertéronse no

²⁶ Esta asociación publicou –inicialmente por entregas no xornal *La Voz de Galicia* e logo como monografía– *O galego hoxe: Curso de lingua*, dirixido “á recuperación do galego como idioma normal no medio urbán” (O Facho 1978: 7). Componse de 122 leccións e mais 12 calas na vida e obra doutros tantos autores galegos sobranceiros. As leccións están estruturadas para desenvolver, de maneira moi breve e directa, temas relacionados coa fonética, a gramática, o léxico e a fraseoloxía; en cada unha inclúense ilustracións que apoian o léxico indicado e vocabulario traducido do galego para o castelán; nalgúns casos tamén se inclúen exercicios de tradución do castelán para o galego e, de maneira periódica, 12 probas teóricas xerais co seu solucionario. A obra tivo notable éxito, posto que entre 1978 e 1980 tivo oito edicións.

primeiro axente galeguizador do país, levando o idioma a todas as esferas da vida social onde tiña algunha incidencia e facéndoo visible por primeira vez en ámbitos dos que estivera afastado ata entón.

Ademais, a lingua galega, xunto coas súas manifestacións literarias, foi conseguindo nesta época certo grao de tolerancia por parte do estamento oficial. Esa tolerancia é a que explica que en 1963 a Real Academia Galega obtivese autorización gobernamental para instituír a celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a partir de entón cada 17 de maio a unha figura literaria. Nese primeiro ano a celebración estivo dedicada a Rosalía de Castro, pois nesa data se cumplían 100 anos da publicación do seu poemario *Cantares gallegos*. Anos despois, tamén se produciu unha tímida incorporación do galego ao sistema educativo oficial, ao principio con carácter optativo e a partir de 1979 obrigatorio; o 17 de abril de 1970 as Cortes franquistas admitiron unha tímida introdución nas aulas das linguas españolas actualmente cooficiais (entón chamadas linguas *vernáculas*) ao aprobaron a Lei Xeral de Educación (Ley 14/1970, de 4 de agosto) promovida polo ministro José Luis Villar Palasí. A partir dese momento, a carencia de materiais didácticos para o ensino do galego resultou máis patente e a súa necesidade non deixou de crecer ata hoxe.

Hai tamén outra serie de circunstancias relevantes para o desenvolvemento inicial da lingüística galega que se produciron no seo da Universidade de Santiago de Compostela. A primeira é a creación dos estudos de Filoloxía Románica como sección da Licenciatura en Filosofía e Letras en 1963, que fixo posible a inclusión da lingua e a literatura galegas como materias de 5º curso desa licenciatura dous anos despois; o primeiro responsable da docencia das mesmas foi Ricardo Carvalho Calero (1910–1990), na altura profesor no ensino privado, que poucos anos despois (1972) ganaría por oposición a cátedra de Lingua e Literatura Galegas da devandita institución, dotada en 1968. Por outra banda, en 1966 tomou posesión da cátedra de Filoloxía Románica o profesor de orixe asturiana Constantino García González (1927–2008), que dende esa posición docente acabaría xogando un papel fundamental no desenvolvemento dos estudos sobre o galego e na formación de especialistas nos mesmos. El foi o promotor e primeiro director do Instituto da Lingua Galega,²⁷ creado en 1971 como instituto universitario que continuou e ampliou as tarefas iniciadas uns anos antes no Departamento de Filoloxía Románica. Desde os seus comezos, os responsables do Instituto deseñaron un programa de promoción e estudio da lingua galega que fixeron del unha instancia capital ata hoxe no incremento

²⁷ Constantino García tamén foi o fundador e primeiro director da revista *Verba* (1974), primeira publicación periódica galega de carácter específicamente filolóxico.

do seu prestixio social, na expansión do seu ensino, no seu coñecemento no exterior, na súa codificación e no seu estudo científico.²⁸ De todas maneiras, os comezos non foron fáceis, como testemuña Antón Santamarina, membro do Instituto dende a súa fundación e director do mesmo entre 1991 e 2005:

Realmente era unha época difícil aquela na Universidade. [...] No referente ás reivindicacións culturais case non se pode diferenciar a actitude das autoridades académicas das gobernativas. Ademais este tipo de institucións (como o I.L.G.) nutríanse de xente galeguista e realmente a Universidade daquela non era galeguista. Foise sobrevivindo porque case non se podía prescindir de nós, non había outra xente..., había que facer un traballo filolóxico e non había outra xente que nos suplise en entusiasmo. Eu lembro aquela época como difícilsoa, onde mesmo a propia Universidade era ata certo punto reticente (Monteagudo & Santamarina 1996: 29)

Por outra banda, debido ao desenvolvimento económico e social de España desde os anos finais do réxime franquista, nas décadas de 1970 e 1980 asistíse a un constante incremento do número de estudiantes na universidade española, o cal obrigou a unha considerable expansión dos cadros de persoal docente que fixo posible que novos licenciados –entre eles, os especialistas en filoloxía galega– tivesen oportunidade de iniciar unha carreira docente e investigadora na universidade. Ademais, os cambios no clima social e político do país despois da morte do ditador fixeron posible que os estudos de especialización universitaria en Filoloxía Galega adquirisen maior recoñecemento e *status* académico; así, en 1977 instauráronse como subsección de 2º ciclo dentro da Sección Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela e 17 anos despois (1994) convertéronse nunha licenciatura independente cuxo plan de estudios supuxo un notable aumento das materias de lingüística galega. A estes avances académicos hai que sumar as titulacións de galego creadas na década de 1990 nas Universidades da Coruña e Vigo, actualmente convertidas en Graos²⁹. Todo isto redundou, en último termo, nunha mellora nas posibilidades e no nivel de formación dos futuros especialistas.

Unha vez identificadas e descritas as que consideramos principais circunstancias impulsoras do inicio da institucionalización da lingüística galega, pasamos a caracterizar brevemente os traballos que apareceron nesta etapa co obxectivo de describir a estrutura gramatical do galego.

²⁸ González Seoane (2011) ofrece unha análise que xulgamos moi atinada dos factores e circunstancias que fixeron posible a creación do Instituto da Lingua Galega. Sobre a historia e o papel que xogou no desenvolvemento da lingüística galega, vid. Santamarina (2004; 2011), Fernández Rei (1991; 2009: 114-117; 2016), Sánchez Vidal (2005) e Alonso Pintos (2017).

²⁹ Grao en Galego e Portugués: Estudios Lingüísticos e Literarios na Universidade da Coruña e Graos en Filoloxía Aplicada Galega e Española e en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) na Universidade de Vigo.

3.1 - Gramáticas

O primeiro tratado gramatical que, en certa medida, representa a transición desde a etapa dos precursores á nova fase de institucionalización da lingüística galega é a *Gramática elemental del gallego común* (Carballo 1966)³⁰ de Ricardo Carvalho Calero, aparecida nada menos que 35 anos despois da 2^a edición (1931) da última gramática da etapa dos precursores (Lugrís 1922). Non obstante, lingüistas como Xosé Luís Regueira sosteñen que non constitúe o “inicio dunha nova xeira da lingüística galega”, senón máis ben un dos “últimos testemuños da vella época que se acaba” (1996: 56).

A súa redacción foi unha encomenda dos responsables da Editorial Galaxia, nomeadamente de Ramón Piñeiro, que Carvalho acabou aceptando –non sen certo receo inicial– cunha clara conciencia de que debía prestar ese servizo ao país. Ese receo hai que atribuirlllo ao feito de que, malia posuér unha formación filolóxica moi superior á dos seus predecesores, ademais da súa formación universitaria inicial en dereito, a súa inclinación en materia de lingua e literatura estaba orientada máis ben cara á crítica e á creación literaria; esas eran, de feito, as dúas actividades que viña desenvolvendo ata aceptar a encarga da gramática, o cal o obrigou a actualizar os seus coñecementos lingüísticos de forma autodidacta, a través de lecturas.³¹

Os seus principais destinatarios eran os estudiantes universitarios de Filoloxía (e posteriormente Maxisterio) que debían cursar a materia de Lingua Galega, pero tamén foi moi utilizado fóra da universidade, como o testemuñan as sete edicións que tivo entre 1966 e 1979, o cal constitúe unha novidade en obras deste tipo, e máis en Galicia onde a tradición de aprendizaxe do galego estaba aínda nos seus comezos. É, pois, un traballo estreitamente relacionado co labor docente de Carvalho na Universidade de Santiago de Compostela como profesor de lingua e literatura galegas desde o ano anterior á 1^a edición, de tal xeito que resulta razonable pensar que unha das motivacións para emprender a súa preparación sería ofrecer aos seus alumnos unha fonte de información actualizada. En calquera caso, acabou converténdose en texto de referencia durante praticamente 20 anos³² ata

³⁰ Dos múltiples estudos dedicados específicamente a esta obra, salientamos os seguintes: Henríquez Salido (1999; 2006), Alonso Pintos (2000; 2020), Mariño (2002), Sánchez Rei (2008; 2009a), Álvarez (2011), Freixeiro (2011), González González (2020), Dubert (2020).

³¹ Como indica Mariño, “non foi Ricardo Carvalho Calero un lingüista especializado, un especialista ou un técnico en lingüística, e menos ainda un especialista nalgúnha parcela determinada deste saber humanístico. Non o foi, entre outras razóns, porque nunca quixo selo, porque as súas inclinacións intelectuais non eran as dun técnico, senón as dun humanista, e porque os tempos en que se formou universitariamente, e ainda aqueles en que desenvolveu unha boa parte do seu labor profesional, non foron tempos en que en Galicia fose posible tal especialización.” (2002: 72). Sobre as súas fontes de inspiración en materia lingüística, vid. Mariño (2002: 70-71).

³² “A obra converteuse nun fito na historiografía lingüística galega. Nos anos 60 e 70 foi o principal instrumento para aprender a gramática da lingua propia de Galicia, con innegable influencia normalizadora” (Fernández Rei 2020: 290).

a publicación da gramática de Álvarez et al. (1986), igual que o fora a gramática da Saco Arce durante o século XIX e a 1^a metade do XX.

A obra –como o propio título indica– non pretende ser un traballo de investigación, senón unha descripción “elemental” das características fundamentais do que o autor denomina “galego común”, mais, no fondo, constitúe unha proposta de variedade estándar, xa que na data da 1^a edición ese galego común era “más una aspiración que una realidad” (Carballo 1974: 7). Efectivamente, a pretensión de Carvalho é describir o galego do momento, como lingua viva que é, pero o seu ideal de lingua identifícase máis coa variedade literaria ca coa fala oral, que cualifica de “gallego vulgar”:

esta lingua viva no es el gallego vulgar, profundamente alterado en su pureza por la erosión de la lengua oficial y reducido en muchos casos a diferentes formas coloquiales empobrecidas. Es el gallego culto, el gallego literario, que aspira a ser un instrumento cabal de cultura, el que nos interesa (Carballo 1966: 13)

Por iso cre que ese galego oral “[e]n su estado actual tiene que ser depurado y completado para convertirse en lengua literaria. Fuera de los castellanismos que se quieren excluir, sólo los arcaísmos y los portuguesismos pueden llenar las lagunas que se observan” (Carballo 1966: 32). Rosario Álvarez xulga que esta escolla responde a un prexuízo contraproducente na situación sociolingüística de Galicia na altura, aínda que moi habitual na planificación do corpus doutras linguas:

O seu arquetipo é a linguaxe das persoas refinadas, isto é, urbanas e cultivadas, non o pobo galego falante. Traslada así o prexuízo de que son as élites as que deben marcar o camiño da lingua correcta –como ocorreu adoitó noutras sociedades–, sen lles dar a voz aos falantes como se comeza a propugnar na lingüística da época; pero sobre todo, desconsiderando que na situación sociolingüística de Galicia debería resultar evidente que non poden servir de fonte os que non o teñen como lingua habitual. (Álvarez 2011: 24)

Pero, por outra banda, cómpre ter en conta que o pensamento de Carvalho verbo do que debía ser o modelo de lingua culta experimentou unha profunda evolución a partir de mediados da década de 1970 e por iso foi modificando as súas suxestións iniciais para progresivamente ir aproximando a súa proposta de “galego común” á norma portuguesa.³³ Neste sentido, os contidos –e mesmo a grafía das formas que cita– na 7^a e última edición de 1979 amosan tal grao de modificación que ben pode ser considerada una nova edición, más que unha reedición.³⁴ Ademais, nas sucesivas edicións, o texto foi modificándose en función dos avances que se producían no coñecemento

³³ Sobre esta evolución pode verse Montero Santalha (2011; 2020) e Monteagudo (2020).

³⁴ Mariño Paz (2002) ofrece unha análise moi detallada das múltiples modificacións que o autor foi introducindo nas sucesivas edicións. Sobre a mesma cuestión, vid. tamén Henríquez Salido (1999) e Fernández Rei (2020).

do galego e dos cambios de *status* que foi experimentando como materia de estudo na docencia universitaria.

Igual que os gramáticos do século XIX, Carvalho utiliza como metalingua o castelán e, tendo en conta os destinatarios da gramática, xustifica esa escolha por razóns pedagóxicas. Así mesmo, adopta a mesma estratexia que os gramáticos decimonónicos ao considerar a gramática do castelán como subsidiaria e por iso tende a concentrar a descripción nas características diferenciais do galego; tal estratexia fai que a súa descripción da estrutura gramatical do galego non poida considerarse completa. Velaquí a xustificación que ofrece no limiar da 4^a edición:

Unos y otros [estudiantes da Facultade de Filosofía e Letras e das Escolas de Maxisterio], así como las demás personas cultas que manejen este libro, conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales más o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio (Carballo 1974: 8)

Por outra parte, é unha gramática miscelánea, áinda que non na mesma medida en que aplicamos este termo ás gramáticas decimonónicas. Carvalho non inclúe textos literarios, nin vocabulario, pero si aparecen informacions de historia externa e de dialectoloxía, ademais dunha sección de bibliografía de lingüística galega que foi ampliando en sucesivas edicións ata convertela nunha bibliografía crítica a partir da 4^a.³⁵ Rosario Álvarez cualifica – acertadamente, na nosa opinión – como “unha gramática de corte tradicional, tanto no seu deseño xeral coma no seu desenvolvemento”, o cal non supón minusvalorala, pois aclara que

[n]a convixencia de ter que afrontar tal empresa, Carballo só pode partir do pobre tecido que ten ao seu dispoñer, en forma de gramáticas previas e de escasísimos traballos particulares: é comprensible que asuma como reto facer unha descripción a un certo nivel, sen grandes descompensacións entre as partes e sen grandes lagoas; sería menos asisado, quizais, que non sendo propiamente lingüista nin tendo vocación de tal, asumise revisar tamén o modelo e reorganizar a información consonte ese cambio (Álvarez 2011: 23)

Con todo, introduce algúns principios da gramática histórica e do estruturalismo (na análise dos sons) e explota, en maior medida que calquera dos seus predecesores, os datos seguros que proporciona a investigación dialectal. Respecto dos primeiros, Mariño (2002: 78) subliña que “sendo

³⁵ Cf. os apdos. principais do índice da 7^a edición: I. Orientación bibliográfica (p. 15-41) | II. Generalidades referentes a los orígenes, variedades y afinidades del gallego con otras lenguas (p. 45-100) | III. Los sonidos (p. 103-155) | IV. Las palabras, es decir, partes de la oración y su funcionamiento (p. 159-267) | V. Usos y construcciones, es decir, valor, función y colocación de algunos elementos de la oración (p. 271-338).

en principio unha gramática descriptiva de orientación sincrónica moderna, contén moitos elementos tirados de sincronías pasadas do idioma que tenden a mesturarse inconvenientemente cos da actual e mesmo chegan a condicionar a descripción do moderno galego común". Aínda así, xulgamos que a obra debe considerarse dunha calidade moi superior á de todas as que a precederon.

A segunda descripción gramatical do galego nesta etapa de emerxencia é a *Gramática gallega* (1967) de Leandro Carré Alvarellos, que apareceu o mesmo ano que a 2ª edición da *Gramática gallega* de Juan Antonio Saco Arce. En xeral, constitúe unha obra de escaso valor que non supuxo ningún avance e que, ademais, tivo pouco éxito debido á valía que se lle outorgou á gramática de Carvalho Calero. Por outra parte, Carré xa lle presentara en 1956 á Real Academia Galega o texto dunha gramática, mais parece que a Corporación desbotou asumir a publicación dese traballo como gramática "oficial" (Freixeiro 2017).

Hai que engadir áinda o resumo de gramática contrastiva (co portugués) que Pilar Vázquez Cuesta e María Albertina Mendes da Luz incluíron na 3ª edición da súa *Gramática portuguesa* (1969) nun novo capítulo dedicado ao galego no que tamén achegan información sobre a súa orixe e historia, vitalidade na altura e variación diatópica.³⁶

De fasquía moito máis moderna é a *Gramática galega* de Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (Álvarez et al. 1986), que veu substituír a de Carvalho Calero como obra de referencia, segundo testemuñan as oito edicións que tivo ata 1998. Os autores deixan claro desde o comezo que "neste ensaio de abrangue-lo núcleo común da lingua galega tentouse de representar todo aquilo que é galego vivo, deixando de lado únicamente o que nel haxa de alleo ou posibilidades excesivamente localistas" (1986: 7-8); constitúe, pois, un traballo que propón un modelo de lingua netamente alicerzado na oralidade, sen por iso desbotar solucións cultas. Ademais, é a primeira gramática que limita os seus contidos aos trazos propriamente gramaticais³⁷ e tamén a primeira nesta etapa que se concibe e elabora desde a perspectiva do galego, sen utilizar o castelán como lingua de contraste nin como metalingua.

Aínda así, a obra presenta algunas lagoas explicables pola falta de estudos específicos sobre certos aspectos da estrutura gramatical, malia os xa notables avances acadados nesa altura a través, sobre todo, dos traballos de investigación que se viñan realizando no Instituto da Lingua Galega. Polo

³⁶ Os contidos gramaticais ocupan 18 páxinas, das que 9 están dedicadas ás características morfolóxicas e sintácticas.

³⁷ Xa non atopamos nela referencias á historia da lingua, nin información dialectal ou outros aditamentos alleos á descripción da estrutura gramatical.

demais, é unha obra de deseño tradicional, na que se adopta a palabra como unidade nuclear da descripción e que achega unha descripción sintáctica pouco desenvolvida.

Por último, a *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua* (1988), de Xoán Xosé Costa Casas et al., é un traballo non destinado a un nivel educativo concreto e que, polo tanto, ofrece diversas posibilidades de aplicación. Porén, a mestura de perspectivas teóricas que adoptan os autores dificulta a súa aplicación pedagóxica, así como a posición de compromiso que asumen en relación coas distintas propostas ortográficas existentes na altura.

3.2 - Manuais

Ademais das gramáticas, nesta etapa comezaron a publicarse outros traballos dirixidos a un público non especialista co obxectivo de facilitarles a aprendizaxe do idioma e, polo tanto, cunha maior preocupación polos aspectos didácticos. Agrupámolos baixo a denominación de “manuais”, tendo en conta que este termo aparece con frecuencia no título destas obras.³⁸

Algúns ofrecen unha descripción simplificada das estruturas gramaticais do galego, con frecuencia acompañada de exercicios, e outros oriéntanse a resolver dúbihdas. Adoitan ser traballos misceláneos que tamén inclúen información sobre o léxico e mesmo datos sociolingüísticos ou información sobre a historia (interna e externa) da lingua.

A primeira obra con vocación pedagóxica destinada a facilitar a aprendizaxe da gramática e o léxico do galego moderno foi elaborada por un grupo de profesores do Departamento de Filoloxía Románica formado por Xosé Luís Couceiro, Ramón Lorenzo, Guillermo Rojo e Antón Santamarina, baixo a dirección de Constantino García, aínda que se publicou como obra inaugural do catálogo de publicacións do Instituto da Lingua Galega. Trátase dun manual publicado en tres volumes escritos integralmente en galego (agás o primeiro), malia o título común de *Gallego* que se lles deu nas primeiras edicións, e cuxo número de edicións ata comezos da década seguinte constitúe un novedoso e sorprendente fenómeno editorial que patentiza a necesidade que naquel momento había deste tipo de obras.³⁹ É un traballo que, ademais dun amplo resumo de gramática galega e de información léxica, inclúe numerosos exercicios e por iso resultou moi útil nos cursos de galego que organizou o propio Instituto, así como noutros moitos que

³⁸ Nesta categoría de “manuais” tamén se poderían incluir os libros de texto destinados ao ensino regrado que, a partir da década de 1980, comezaron a publicar diversas editoriais privadas de dentro e fóra de Galicia.

³⁹ O primeiro volume tivo cinco edicións entre 1971 e 1984 e o seu título galeguizouse (*Galego 1*) a partir da 3^a edición de 1975; o segundo volume tivo catro edicións entre 1972 e 1984 e o seu título galeguizouse (*Galego 2*) a partir da 2^a edición de 1977; o terceiro volume tivo tres edicións entre 1974 e 1983 e o seu título galeguizouse (*Galego 3*) a partir da 2^a edición de 1976.

estaban a organizar por toda Galicia as asociacións culturais e mesmo para os que, ao abeiro da nova Ley de Educación, comezaban a desenvolverse nos centros de ensino (Fernández Rei 2009: 115). O modelo de lingua que se propugna nel ten a súa base principal na oralidade e algunas das solucións (gráficas e morfolóxicas) que se adoptan non deixarían de provocar friccións coa Real Academia Galega:

O galego común que se promove desde as páxinas do manual do Instituto busca, á manteña, adaptarse aos hábitos e pautas reais dos falantes, e eleva a fala á categoría de lingua exemplar. A escrita literaria tamén é tomada en conta, pero non co carácter primordial que se lle concedía no epítome da RAG. No Gallego outorgasellos aos falantes a razón idiomática, e estímase o seu galego como o mellor e más auténtico. Asemade, o idioma culto debe construirse desde os falantes –e non tanto desde os escritores– pero tamén para eles, pois unha lingua culta non se establece só desde (e para) a literatura (Alonso Pintos 2005: 192)⁴⁰

O mesmo Instituto da Lingua Galega elaborou a mediados de década de 1980 o *Galego coloquial: Curso de galego/Voz de Galicia: Novo método para a aprendizaxe da lingua galega* (1986), inicialmente publicado por entregas no xornal *La Voz de Galicia* e logo como monografía polo propio xornal. Está dirixido “tanto ós que nunca tiveron a posibilidade de ler ou escribi-lo galego coma os que por diversas razóns a penas falaron a nosa lingua e se senten inseguros nela” (1986: 7) e preséntase organizado en 150 leccións constituídas por un pequeno texto introdutorio, información ortográfica ou gramatical, exercicios e un pequeno vocabulario que, logo do solucionario (p. 163-202), se recolle agrupado alfabeticamente nun vocabulario final de máis de 1.700 entradas (p. 203-248) con información gramatical e léxica.

Como prontuario para facilitar a resolución de dúbidas frecuentes sobre a gramática e o léxico, Xosé Ramón Pena e Manuel Rosales prepararon o *Manual de galego urxente*, que chegou a ter entre 1987 e 2006 nove edicións.

3.3 - A investigación no eido gramatical⁴¹

Como xa indicamos, o Instituto da Lingua Galega deseñou desde a súa creación un programa de estudo e promoción da lingua galega que iría mudando co transcurso do tempo. Nos primeiros anos, déuselle prelación aos labores de normalización do *status*, de planificación do corpus, de formación de profesores e de asesoramento, fronte aos propriamente investigadores. Mais, sobre todo a partir da década de 1990, esas tarefas prioritarias foron pasando a un segundo plano, ao creárense ou reactivárense institucións

⁴⁰ Nesta monografía analízanse e avalíanse en profundidade as achegas deste manual (Alonso Pintos 2005: 192-203).

⁴¹ Sobre este tema, ofrece unha panorámica alternativa Álvarez (2003), que comeza o seu percorrido na década de 1980 e nos comezos do novo século.

especificamente encargadas desas funcións. Desta maneira, o Instituto da Lingua Galega foise centrando naquilo para o que inicialmente fora concibido: a investigación. Aínda así, inicialmente os estudos gramaticais non foron os máis atendidos. É significativo que no proxecto de creación á par doutros obxectivos xerais, se expliciten como “fins inmediatos” só dúas liñas de investigación (vid. Fernández Rei 1991): “A continuación do rexistro lexicográfico galego” (entón en fase de realización desde uns anos antes no Departamento de Filoloxía Románica) e “A realización de traballos sobre dialectoloxía galegoportuguesa”; deste xeito, aínda que quedou aberta a posibilidade de desenvolver outros eidos de investigación, lexicografía e dialectoloxía foron os dous aos que os investigadores do Instituto dedicaron (e ata certo punto ainda seguen a dedicar) os maiores esforzos, en gran parte pola súa importancia instrumental para a fundamentación científica dos traballos de estandarización do galego.

Porén, o anterior non significa que, desde o nacemento do Instituto, os estudos gramaticais non tivesen unha certa presenza e continuidade, se ben inicialmente non xurdiron e se desenvolveron como parte de grandes proxectos, senón como iniciativas individuais que en moitos casos callaron en traballos académicos como as teses de doutoramento e as memorias de licenciatura. Froito de traballos deste tipo son as monografías que apareceron ao longo da década de 1970 publicadas pola propia Universidade de Santiago de Compostela como anexos da revista *Verba: Perífrasis verbales en el gallego actual* (1974), de Guillermo Rojo,⁴² *El verbo gallego: Estudio basado en el habla del Valle del Suarna* (1974a), de Antón Santamarina,⁴³ *Sufijos nominales en el gallego actual* (1978), de Isabel González Fernández⁴⁴ e *O infinitivo conxugado en galego* (1978), de Francisco García Gondar.⁴⁵

A elas aínda habería que engadir outros traballos académicos do mesmo teor (maioritariamente memorias de licenciatura) realizados nesa mesma década ou comezos da seguinte, a maior parte dos cales quedaron inéditos. Velaquí unha relación das memorias de licenciatura con enfoque exclusiva ou predominantemente sincrónico presentadas ata 1984, nas que se observa un claro predominio do galego medieval como obxecto de estudio: *Verbos auxiliares en las Cantigas de escarnho e mal dizer* (1972), de M^a Pilar

⁴² Corresponde á tese de doutoramento *Construcciones perifrásicas verbales en gallego*, dirixida por Constantino García e presentada en 1972 na Universidade de Santiago de Compostela. O autor xa traballara sobre o mesmo tema na memoria de licenciatura, tamén dirixida por Constantino García, que presentou en 1969.

⁴³ Corresponde parcialmente á tese de doutoramento *El habla del Valle del Suarna*, dirixida por Constantino García e presentada en 1973 na Universidade de Santiago de Compostela.

⁴⁴ Corresponde á tese de doutoramento *Estudio de los sufijos nominales en el gallego actual*, dirixida por Constantino García e presentada en 1975 na Universidade de Santiago de Compostela.

⁴⁵ Corresponde á memoria de licenciatura co mesmo título, dirixida por Constantino García e presentada en 1976 na Universidade de Santiago de Compostela.

Barreiro Mosquera; *A temporalidade verbal nas Cantigas d'escarnho e mal dizer* (1977), de Xosé Xove Ferreiro; *O posesivo e outras formas de expresar las mesmas relacóns na Prosa Galega Medieval* (1978), de M^a Jesús Dono González; *A colocación do pronome átono no galego-portugués medieval* (1978), de Victoria Ogando Valcárcel, parcialmente reproducida en Ogando (1980); *Os pronomes reflexivos en galego* (1980), de Xesús Lantes Vitureira; *Contribución ó estudio dos cuantificadores en galego medieval* (1981), de Xavier Varela Barreiro; *O acusativo con preposición no galego medieval* (1981), de M^a Sol López Martínez; *Construccións condicionais no galego medieval* (1982), de Henrique Monteagudo Romero, publicada parcialmente en Monteagudo (1992); *A preposición a no galego de hoxe* (1982), de Victoria González Cao; *Funcións sintácticas dos pronomes persoais tónicos na prosa galega medieval* (1982), de Carmen Ares Vázquez; *Formas de cuantificación en el gallego actual* (1982), de M^a de los Ángeles Bellón Iglesias; *Sintaxe do infinitivo (non-perifrásitico) no galego medieval* (1983), de Carlos Díaz Abraira; *O adverbio de tempo no galego medieval* (1983), de Xermán García Cancela; *A negación na prosa galega medieval* (1984), de Rosa M^a López Gato.

Deben terse en conta tamén as achegas ao coñecemento da estrutura gramatical do galego realizadas desde o eido dos estudos dialectolóxicos. Certamente, os primeiros traballos monográficos sobre falas tendían a concentrarse no léxico, ofrecendo datos moi limitados sobre as características gramaticais. Mais atopamos tamén traballos temperáns que non amosan esta limitación; é o caso das seguintes teses de doutoramento: *El gallego de la comarca de Ferrol*, de José Álvaro Porto Dapena;⁴⁶ *El habla de Ancares (León): (Enmarcada en la dialectología del N. O. peninsular)*, de José Ramón Fernández González;⁴⁷ a xa citada tese de doutoramento de Antón Santamarina sobre a fala do val do Suarna (vid. nota 43), na que se basea a monografía sobre o verbo galego (Santamarina 1974a) e un estudo sobre as partículas comparativas *que = ca* e *como = coma* en galego medieval e moderno (Santamarina 1974b); *El habla del valle de Verín*, de Manuel Taboada Cid;⁴⁸ *El habla del Valledor: Estudio descriptivo del gallego-asturiano de Allande (Asturias-España)*, de Celso Muñiz;⁴⁹ *El habla de El Franco: Una variante lingüística del occidente de Asturias*, de José García García;⁵⁰ *O verbo:*

⁴⁶ Presentada na Universidad Complutense de Madrid en 1971, foi dirixida por Alonso Zamora Vicente e publicada como anexo de *Verba* en Porto Dapena (1977).

⁴⁷ Presentada na Universidad de Oviedo en 1972, foi dirixida por Álvaro Galmés de Fuentes e deu lugar ás monografías Fernández González (1978; 1981).

⁴⁸ Presentada na Universidade de Santiago de Compostela en 1976, foi dirixida por Constantino García e publicada parcialmente en Taboada (1979).

⁴⁹ Presentada na Universiteit van Amsterdam en 1978, foi publicada ese mesmo ano pola propia Universidade.

⁵⁰ Presentada na Universidad de Oviedo en 1979, foi dirixida por Emilio Alarcos Llorach e dela deriva a monografía García García (1983).

Contribución á dialectoloxía galega, de Francisco Fernández Rei;⁵¹ *O pronomo persoal en galego*, de Rosario Álvarez Blanco.⁵² As dúas últimas están baseadas nos datos tirados das enquisas do *Atlas Lingüístico Galego*, que eles mesmos realizaron entre os anos 1974 e 1975, xunto con Manuel González González.

Nas teses de doutoramento sobre falas realizadas con posterioridade, nas décadas de 1980 e 1990, xa se fixo habitual prestar máis atención ás características gramaticais e, polo tanto, han de considerarse tamén fontes axeitadas para o coñecemento da gramática do galego. Así mesmo, xulgamos extraordinariamente relevante a información gramatical que achegan os dous primeiros volumes do *Atlas Lingüístico Galego*, dedicados á morfoloxía verbal (García et al. 1990) e á morfoloxía non verbal (García et al. 1995).

Na década seguinte o número de traballos académicos sobre temas gramaticais continuou aumentando –non só nas universidades galegas, senón tamén nas portuguesas e, sobre todo, nas brasileiras⁵³ ata acadar un total de 34 no conxunto da etapa de emerxencia, tal como se reflicte na TÁBOA 1. Mais ese crecemento foi aínda moito maior na que consideramos como etapa de consolidación, pois nela se contabilizan un total de 104 traballos deste tipo.⁵⁴

	Mestrado		Licenciatura		Doutoramento	
	EE	EC	EE	EC	EE	EC
Universidade de Santiago	-		23	11	4	13
Universidade da Coruña	-		-	1	-	3
Universidade de Vigo	-		-	2	-	1
Universidades portuguesas	1	11			1	2
Universidades brasileiras	1	30			1	21
Outras universidades		2			3	7
TOTAL	2	43	23	14	9	47

TÁBOA 1 – A investigación gramatical a través de traballos académicos (datos globais)⁵⁵

⁵¹ Presentada na Universidade de Santiago de Compostela en 1979, foi dirixida por Constantino García e permanece inédita.

⁵² Presentada na Universidade de Santiago de Compostela en 1980, foi dirixida por Constantino García e permanece inédita.

⁵³ En Portugal e, sobre todo, no Brasil produciuse a partir da década de 1990 unha revitalización da investigación en lingüística histórica que, entre outros efectos, levou a prestar máis atención á lingua medieval.

⁵⁴ Por non dispoñermos de datos completos, neste cómputo non temos en conta os traballos de fin de grao nin os de mestrado realizados nas tres universidades galegas a partir da instauración dos novos plans de estudo, que, sen dúbida, suporían un aumento do número total.

⁵⁵ EE = etapa de emerxencia; EM = etapa de consolidación.

4 - ETAPA DE CONSOLIDACIÓN (DESDE 1990 ATA HOXE)⁵⁶

En contraste coa etapa precedente, o incremento dos resultados da investigación sobre o idioma galego resulta moi patente nesta última etapa, como amosan as cifras calculadas a partir dos datos tirados da *BILEGA* que presentamos a continuación (FIGURA 1). Para amosar o contraste entre as dúas etapas, o cómputo ten en conta os traballos de investigación producidos no medio século que vai dende 1971 a 2020 (ambos os dous inclusive)⁵⁷ nos diversos campos da lingüística, incluíndo non só os centrados exclusivamente en todas ou algunha das tres fases do desenvolvemento histórico do galego (galego medieval, galego medio e galego moderno), senón tamén os que estudan diversas fases da historia do portugués coa inclusión do período inicial (galego-portugués) do tradicionalmente denominado *portugués arcaico*.




FIGURA 1 – A investigación en lingüística galega por quinquenios entre 1971-2020

Cos criterios que acabamos de sinalar identificamos un total de 11.334 traballos cuxa aparición se concentra maioritariamente entre os anos 1991-2020, é dicir, na etapa de consolidación. Nesta etapa correspondente aos últimos 30 anos observamos o seguinte:

- No quinquenio 1991-1995 superáronse por primeira vez os 1.000 traballos, non baixando desta cifra en todos os seguintes.

⁵⁶ A información máis completa sobre temas e enfoques da investigación gramatical nesta última etapa pode encontrarse no recente traballo de Cidrás & Dubert (2017: 116-123).

⁵⁷ A delimitación deste período de 50 anos é arbitraria, aínda que o ano inicial seleccionado (1971) pode considerarse bastante representativo na fase inicial do proceso de institucionalización da lingüística galega.

- No quinquenio 2001-2005 sobrepasáronse os 1.900, cifra que se mantivo no quinquenio seguinte e baixou lixeiramente nos dous últimos.

Se agora dividimos en dous períodos iguais de 25 anos o medio século cuantificado, o desequilibrio en favor do segundo período é manifesto: entre 1996-2020 contabilízanse 8.291 traballos (73%), fronte aos 3.043 (27%) do período 1971-1995. Os datos revelan, pois, que, áinda que o incremento dos resultados da investigación foi constante desde 1971, os traballos publicados nos últimos 25 anos case triplican os do primeiro período.

En canto aos estudos gramaticais, os criterios utilizados⁵⁸ permiten identificar 1.590 achegas, que representan un 14% do total. Os catro quinquenios que van desde 1996 a 2015 son os que concentran un maior número, chegándose case ás 300 no quinquenio 2001-2005 (vid. FIGURA 2).




FIGURA 2 – A investigación en gramática galega por quinquenios entre 1971-2020

Por outra banda, a imaxe que resulta da consideración dos datos repartidos nos dous períodos de 25 anos non é moi diferente da xeral: entre 1971-1995 contabilízanse 366 traballos (23%), mentres que ao período 1996-2020 corresponden 1.214 (77%).

A diversificación da investigación tamén constitúe unha característica moi destacada desta etapa de consolidación. Eidos como a sociolingüística, a gramática sincrónica, a lingüística histórica, a tradutoloxía ou as tecnoloxías lingüísticas (lingüística de corpus, tradución automática, lexicografía

⁵⁸ Traballos de investigación realizados desde un punto de vista sincrónico ou en combinación coa perspectiva diacrónica, centrados en aspectos morfolóxicos e/ou sintácticos e con atención ás fases da historia do galego indicadas más arriba.

computacional etc.) experimentaron crecementos moi significativos; e, en menor medida, tamén a fonética, a pragmática, a análise do discurso, a psicolingüística, a neurolingüística ou a mesma dialectoloxía, sen dúbida a disciplina máis cultivada na etapa de emerxencia, pero agora arrequecida con novos métodos como a dialectometría e novas perspectivas sobre a variación.

Hai algúns acontecementos que poderían servir para explicar o significativo aumento das achegas ao coñecemento científico do galego que caracteriza esta nova fase da lingüística galega.

En primeiro lugar, por segregación da Universidade de Santiago de Compostela, en 1989 foi creada a Universidade da Coruña e en 1990 a Universidade de Vigo. Como xa indicamos, as dúas novas institucións crearon pronto as súas propias titulacións de galego, que implicaron un incremento de profesores especialistas nesta lingua e, polo tanto, de potenciais novos investigadores.

Ademais, a raíz da aprobación da Lei de Reforma Universitaria⁵⁹ o Ministerio de Educación e Ciencia instaurou unha nova política de promoción de grupos de investigación, establecendo convocatorias anuais para o financiamento de proxectos que repercutiu positivamente no aumento da investigación sobre o galego no eido universitario. O mesmo continuou a facer a Xunta de Galicia nos anos seguintes, a medida que foi desenvolvendo as competencias en política universitaria que xa asumira en 1981, coa aprobación do Estatuto de Autonomía para Galicia.⁶⁰

En terceiro lugar, desde finais da década de 1980 viñeron celebrándose en Galicia unha serie de reunións científicas internacionais de temática lingüística ou filolóxico-lingüística que constituíron foros idóneos para estimular novas investigacións e aumentar a visibilidade no exterior dos estudos sobre o galego que na altura se desenvolvían en Galicia. Delas, destacamos as que acolleron un maior número de traballos sobre o galego:⁶¹

(1) O *XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, patrocinado pola Sociedade de Lingüística Románica e celebrado en Santiago de Compostela en 1989, que constitúiu un foro ideal para estender o coñecemento do galego entre os romanistas. Nas actas deste congreso, editadas por Ramón Lorenzo, hai unha sección específica dedicada ao galego na que se contabilizan 32 traballos –dos que 11 están dedicados a temas gramaticais–, mais no conxunto das actas atópanse 62 traballos dedicados

⁵⁹ Ley Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria (*Boletín Oficial do Estado* de 1/9/1983).

⁶⁰ Ley Orgánica 1/1981, do 6 de abril (*Boletín Oficial do Estado* do 28/4/1981).

⁶¹ O cómputo está realizado a partir da información que ofrecen as actas de cada congreso. De termos en contra o programa de cada reunión, sen dúbida o número de trabalos dedicados ao galego sería maior, pois non é infrecuente que algúns deles non cheguen a publicarse.

total ou parcialmente a esta lingua. O novo *status* do galego dentro da Romanística quedaría referendado coa súa inclusión, ao lado do portugués, no tomo VI/2 do *Lexikon der Romanistischen Linguistik* (Holtus et al. 1994), onde se lle dedican 8 capítulos.⁶²

(2) O congreso *A Lingua Galega: historia e actualidade*, organizado polo Instituto da Lingua Galega en 1996 en conmemoración do 25 aniversario da súa fundación. Na *BILEGA* contabilizamos un total de 177 traballos (6 conferencias plenarias, 167 comunicacións –das que 30 están dedicadas a cuestiós gramaticais– e 4 mesas redondas) presentados neste congreso e publicados nas actas.

(3) O *Congreso Internacional de Lingüística «Léxico & Gramática»*, celebrado en setembro de 2000 no campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela e no que se presentaron 22 comunicacións centradas no galego (delas, 10 están dedicadas a fenómenos gramaticais, fundamentalmente sintácticos).

(4) O *Gallaecia: III Congresso Internacional de Linguística Histórica*, celebrado en xullo de 2015 na Universidade de Santiago de Compostela, con participación dunha alta representación non só de investigadores galegos, senón tamén portugueses e brasileiros. Nas actas deste congreso atopamos 15 comunicacións centradas no galego, das que 5 son de temática grammatical.

Mais os progresos da investigación en lingüística galega e a súa internacionalización tamén se viron potenciados pola organización doutros moitos congresos dentro e fóra de Galicia que tiveron como centro de interese a lingua, a literatura e/ou a cultura galega en xeral. Destacamos, entre eles, os promovidos pola Asociación Internacional de Estudios Galegos, fundada nos Estados Unidos na década de 1980; estes congresos, con ampla participación de investigadores galegos e foráneos, viñeron celebrándose ininterrompidamente cada tres anos desde 1985, de tal xeito que o último celebrado na Universidade Complutense de Madrid en 2018 foi o duodécimo.

En cuarto lugar, en 1993 a Xunta de Galicia creou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades⁶³ co obxectivo de potenciar proxectos de investigación no eido do que hoxe se coñece como Humanidades dixitais e, ao mesmo tempo, formar novos investigadores a través da súa participación como bolseiros no desenvolvemento deses proxectos. No eido lingüístico, os proxectos que nel se desenvolven complementan, dalgún xeito, os que se

⁶² Os autores dos mesmos son todos recoñecidos especialistas en lingüística galega e/ou románica: Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo Romero (gramática sincrónica), Francisco Fernández Rei (dialectoloxía), Dieter Kremer (onomástica), Antón Santamarina (codificación do corpus do galego moderno), Manuel González González (sociolingüística), Mercedes Brea (gramaticografía e lexicografía; historia externa), Constantino García (evolución do léxico).

⁶³ Ata 1997 chamouse Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

desenvolven no Instituto da Lingua Galega. Para a investigación gramatical son especialmente relevantes os recursos desenvolvidos na lingüística de corpus, concretamente o *CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual* (disponible desde 2001 en <http://corpus.cirp.gal/corga>), o *CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (disponible desde 2004 en <http://corpus.cirp.gal/codolga>) e *XIADA: Etiquetador/Lematizador do Galego Actual* (disponible desde 2009 en <http://corpus.cirp.gal/xiada>).

O Instituto da Lingua Galega tamén leva despregado un intenso labor para desenvolver recursos deste tipo, entre os que deben salientarse o *TILG: Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (disponible desde 2003 en <http://ilg.usc.gal/TILG/>), o *TMILG: Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (disponible desde 2004 en <http://ilg.usc.gal/tmilg/>), o *Xelmírez: Corpus lingüístico da Galicia medieval* (disponible desde 2009 en <http://ilg.usc.gal/xelmirez/>), *CORILGA: Corpus Oral Informatizado da Lingua Galega* (disponible desde 2012 en <http://ilg.usc.gal/corilga/>) e o *Gondomar: Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (disponible desde 2017 en <http://ilg.usc.gal/gondomar/>).

Outra institución na que se traballa arreo neste campo das tecnoloxías lingüísticas é a Universidade de Vigo. O Seminario de Lingüística Informática e o Grupo de Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (TALG) desta universidade desenvolveron unha ampla serie de corpus, entre os que salientamos o *CLUVI: Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (disponible desde 2003 en <http://sli.uvigo.gal/CLUVI/>), o *CTG: Corpus Técnico do Galego* (disponible desde 2005 en <http://sli.uvigo.gal/CTG/>), *Corpus paralelo SensoGal* (disponible desde 2015 en <http://sli.uvigo.gal/SensoGal>) e o portal *RILG: Recursos Integrados da Lingua Galega* (disponible desde 2006 en <http://sli.uvigo.es/RILG/>), que integra nunha única aplicación de consulta os corpus e diccionarios creados polo Instituto da Lingua Galega, o Seminario de Lingüística Informática e o Grupo TALG.

A todos eles áinda hai que engadir os textos galego-portugueses do *CIPM: Corpus Informatizado do Português Medieval* (disponible desde 2001 en <http://cipm.fcsh.unl.pt/>), que se desenvolve na Faculdade de Ciencias Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa, os textos galego-portugueses do *Corpus do Português* (disponible desde 2006 en <https://www.corpusdoportugues.org>), creado por Mark Davies.

Por último, desde o goberno galego tamén se vén facendo un esforzo de internacionalización da lingua e a cultura galegas a través da creación da Rede de Centros de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade e, como complemento dos programas formativos, organizan actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio cultural de Galicia. Arestora o

galego constitúe materia de ensino en 39 universidades de 16 países, das que 28 contan con licenciados en galego que exercen como lectores. Por outra banda, creou no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades bolsas de estadías para investigadores estrangeiros, que pasan entre un e nove meses colaborando (nuns casos aprendendo e noutros ensinando) nalgún dos proxectos que se desenvolven no Centro; por esta vía viñeron a Galicia un número significativo de investigadores do Brasil, Arxentina, Alemaña, Inglaterra, Francia, Italia, Rusia etc., que hoxe se ocupan do estudo da lingua e da literatura galegas nos seus respectivos países.

A todo o anterior áinda habería que engadir a creación dun bo número de revistas de lingüística e/ou filoloxía galegas que supuxeron a multiplicación das canles para a divulgación da investigación gramatical.⁶⁴ Ademais, a expansión e maior visibilidade da lingüística galega abriron as portas para que os seus resultados tamén comezasen a aparecer noutras publicacións periódicas de fóra de Galicia (españolas e estranjeiras).⁶⁵

4.1 - Gramáticas

Malia o evidente progreso que experimentou a investigación en lingüística galega durante esta última etapa, o número de tratados gramaticais segue a ser escaso, posto que se contabilizan únicamente tres. En todos eles se emprega o galego como metalíngua e ofrecen unha descripción inmanente da estrutura gramatical, prescindindo de construír a descripción concentrándose únicamente nas características diferenciais do galego con respecto ao castelán.

A *Gramática da lingua galega*, de Xosé Ramón Freixeiro Mato, constitúe, sen dúbida, o proxecto máis ambicioso dos emprendidos ata agora para describir o galego moderno, posto que se materializou en catro

⁶⁴ Entre as publicadas en Galicia, salientamos as seguintes (por orde cronolóxica de aparición): *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (Universidade de Santiago de Compostela, 1974), *Agália. Revista internacional da Asociación Galega da Língua* (1985), *Cadernos de Lingua* (Real Academia Galega, 1990), *Viceversa. Revista galega de tradución* (Universidade de Vigo, 1995), *Revista Galega de Filoloxía* (Universidade da Coruña, 2000), *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2000), *Boletín da Academia Galega da Lingua Portuguesa* (2008), *Estudos de Lingüística Galega* (Universidade de Santiago de Compostela, 2009), *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* (Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, 2012), *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* (Universidade de Vigo, 2016). Das publicadas fóra de Galicia, merecen destacarse as seguintes: *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca* (UNED, 1991), *Madrygal. Revista de estudios gallegos* (Universidad Complutense, 1998), *Límite. Sociedad Extremeña de Estudios Portugueses y de la Lusofonía* (Universidad de Extremadura, 2007). Ademais, en Galicia hai outras publicacións periódicas de temática más ampla que adoitam acoller tamén traballos de lingüística galega: *Boletín da Real Academia Galega* (1905), *Grial. Revista galega de cultura* (Editorial Galaxia, 1963), *A Trabe de Ouro* (Sotelo Blanco, 1990), *Revista Galega do Ensino*, actualmente continuada por *Eduga* (Xunta de Galicia, 1993).

⁶⁵ Entre outras moitas, destacamos as seguintes: *Estudis Romànics* (Institut d'Estudis Catalans, 1947), *Estudios Románicos* (Universidad de Murcia, 1978), *Revista de Filología Románica* (Universidad Complutense, 1983), *Estudos Linguísticos e Literários* (Universidade Federal da Bahia, 1984), *Diacrítica. Revista do Centro de Estudos Humanísticos* (Universidade do Minho, 1986).

volumes que -cunha concepción ampla da gramática- dan conta da fonética e fonoloxía (vol. 1, 1998), da morfosintaxe (vol. 2, 2000), da semántica (vol. 3, 1999) e das estruturas textuais (vol. 4, 2003). No volume dedicado á morfosintaxe, o autor amosa un notable esforzo de integración e síntese dos avances experimentados ata o momento na investigación lingüística do galego; neste sentido, podería dicirse que é unha gramática con maior fundamentación teórica que calquera das anteriores. A través de seis capítulos dedicados ás clases de palabras (que tamén inclúen a descripción do seu comportamento sintáctico) e un á sintaxe do enunciado, ofrece unha descripción moi exhaustiva e inmanente con base na gramática tradicional pero arrequecida cos principios do estruturalismo funcionalista. Por outra banda, a orientación do autor á hora de establecer as súas propostas para o estándar é claramente reintegracionista, como o demostran as continuas críticas que dirixe ás escollas realizadas por Álvarez et al. (1986).

Despois de apareceren os tres primeiros volumes desta obra, o autor preparou un *Manual de gramática galega* (2001)⁶⁶, concibido como instrumento de consulta que ofrece un resumo dos contidos de fonética e fonoloxía, gramática e semántica para un público non necesariamente especialista. A parte central da obra son os contidos de morfosintaxe.

Por outra banda, os avances na investigación gramatical fixeron que a gramática publicada por Rosario Álvarez, Henrique Monteagudo e Xosé Luís Regueira (Álvarez et al. 1986) quedase obsoleta en pouco máis de dez anos. Esa é a principal razón de que a mesma Rosario Álvarez, en colaboración con Xosé Xove, redactase unha nova *Gramática da lingua galega* que, “sen ser rupturista, contén unha visión persoal da gramática” (Álvarez & Xove 2002: 11). Trátase dunha descripción elemental, pero completa, concibida para destinatarios con formación grammatical pero tamén accesible para un público máis amplo. Unha das principais diferenzas respecto da gramática de 1986 é que nesta os contidos se organizan en dirección analítica (é dicir, da oración cara á palabra e aos morfemas) e non sintética, como ata ese intre fora habitual na tradición grammatical galega.

Na actualidade atópase en proceso de elaboración unha nova gramática de referencia, patrocinada pola Real Academia Galega como futura gramática da institución (Álvarez et al., 2005; Álvarez, 2020). Trátase dunha obra de autoría colectiva, cuxa redacción corre a cargo do Seminario de Gramática da institución, constituído polos seguintes membros do Instituto da Lingua Galega, coordinados por Rosario Álvarez Blanco (académica numeraria): María Álvarez de la Granja, Francisco Cidrás Escáneo, Francisco Dubert García, Elisa Fernández Rei, Ernesto González Seoane, Xosé Luís Regueira

⁶⁶ O obra tería unha segunda edición en 2006.

Fernández e Xosé Xove Ferreiro. En traballo informativo recente sobre as características e situación actual do proxecto, a coordinadora aclara que

el encargo aceptado fue la redacción de una gramática descriptiva de la variedad estándar del gallego contemporáneo, basada en la tradición grammatical anterior y en la investigación propia y no publicada del equipo, comprobada mediante un corpus extraído del gallego oral y escrito en los últimos siglos. Implica un carácter normativo que no se persigue como objetivo principal y los autores asumimos la reticencia a etiquetarla como *prescriptiva* en el sentido de no extremar el carácter condenatorio de las opciones que se apartan de una norma univariante –como podría ocurrir en otros tiempos– sino de acoger e integrar en la descripción del estándar, en lo posible, la riqueza de la variación grammatical. (Álvarez 2020: 244-245)

O traballo cremos que dá continuidade a dous proxectos de gramática que se deseñaron no Instituto da Lingua Galega nos anos anteriores: a *Gramática xeral descriptiva da lingua galega*, proxecto de investigación iniciado en 1995 cuxo obxectivo era “describir gramaticalmente o galego actual da maneira más ampla e completa posible, tendo en conta os avances no coñecemento desta disciplina producidos nos últimos anos” (Álvarez et al. 2004: 522) e a *Gramática da lingua galega*, que pretendía informar “do comportamento grammatical do galego de maneira relativamente concisa, sen excesivo aparato teórico e moderadamente argumentativa. A descripción vai acompañada de abundante exemplificación –preferiblemente autorizada por persoeiros literarios ou por localizacións xeográficas que remitan á lingua falada–, que debe servir para ilustrar, a xeito de imaxe, cómo é a lingua.” (Álvarez et al. 2004: 525).

4.2 - Manuais

Neste período tamén se intensificou a elaboración de cursos e manuais coas características xa sinaladas en § 3.2. Incluso atopamos traballos con enfoques e metodoloxías novidosas, como os destinados a fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel A2, B1, B2 ou C1 en lingua galega, segundo a descripción de competencias establecida no *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* (2001) do Consello de Europa. Outra novidade desta etapa son os manuais destinados a colectivos específicos, como os aspirantes a profesores de galego, os orientados a facilitar a preparación das probas oficiais de lingua galega convocadas anualmente polo goberno da Xunta de Galicia, os que describen as características de variedades especiais como a xurídico-administrativa ou a científico-técnica, os destinados ás escolas de idiomas, os manuais de lingua e estilo e, por último, os diccionarios de dúbidas e os libros de exercicios. Un cómputo aproximada de todos estes tipos de obras aproxímanos ás 50.

5 - ALGÚNS DATOS SOBRE A INVESTIGACIÓN EN MORFOLOXÍA E SINTAXE

Para rematar, achegamos unhas mínimas ideas sobre a investigación en morfoloxía e sintaxe no conxunto de tradición lingüística galega. Desde o punto de vista cuantitativo, os datos tirados da *BILEGA* mostran que os traballos sobre aspectos morfolóxicos praticamente triplicaron os realizados no eido da sintaxe. En principio, a distribución dos 1.590 traballos dedicados a temas gramaticais entre as dúas subdisciplinas é a seguinte: 1.183 traballos (74,40%) están dedicados a fenómenos morfolóxicos e 407 (25,59%) a cuestiós sintácticas. O desequilibrio entre as dúas partes da gramática parece evidente, mais os datos que ofrecemos resultan parcialmente enganosos, posto que na clasificación utilizada na *BILEGA* certos temas están incluídos na sección de morfoloxía, malia incluíren tamén aspectos sintácticos (cf. a “distribución” das formas átonas dos pronomes, que figura como subtema dos “pronomes persoais” dentro do macrotema “morfoloxía”, ou a sintaxe do infinitivo conxugado, que nin sequera aparece como tema específico e, polo tanto, constitúe un dos varios aspectos que se inclúen no subtema “infinitivo conxugado”, dentro do “verbo”); así pois, a distancia entre os traballos correspondentes aos dous eidos da gramática necesariamente ten que ser menor, aínda que a sintaxe siga a ser, a día de hoxe, a subdisciplina menos desenvolvida.

En canto aos fenómenos investigados, na TÁBOA 2 ofrecemos unha mostra da representatividade dalgúns:

TEMAS	Nº TRABALLOS
Formación de palabras	209 (13,14%)
Derivación	138 (8,67%)
Composición	30 (1,88%)
Morfoloxía verbal	138 (8,67)
Perífrases verbais	79 (4,96%)
Morfoloxía e/ou sintaxe do infinitivo conxugado	59 (3,71%)
Adverbios	101 (6,35)
Orde de palabras	134 (9,64%)

Distribución dos pronomes átonos	110 (6,91%)
Funcións sintácticas oracionais	90 (5,66%)
Oracións subordinadas	72 (4,52%)
Subordinación substantiva	20 (1,25%)
Subordinación adxectiva	22 (1,38%)
Subordinación adverbial	30 (1,88%)

TÁBOA 2 –Representatividade dalgúns temas na investigación gramatical do galego

Coda

Nas páxinas anteriores tratamos de amosar que no último medio século a lingüística galega –e os estudos gramaticais como parte dela- experimentou un progreso que a sitúa arrestando nunha situación para nada parangonable coa que tivo que sufrir durante os 100 anos anteriores. Certamente, o camiño percorrido non sempre foi fácil, non só na etapa dos precursores, senón tamén na de emerxencia, mais, co grao de desenvolvemento acadado, hoxe pode considerarse un ámbito de investigación consolidado e cun futuro esperanzador. Fican áinda moitos aspectos por explorar, nomeadamente en eidos como o gramatical, o pragmático ou o histórico, pero as condicións para levar a cabo esa esculca son mellores ca nunca e só queda esperar que as fontes de financiamento actuais se mantéñan ou incluso se melloren e que non só os investigadores actuais, senón tamén os membros das novas xeracións que se forman actualmente se sintan implicados para proseguilo.

Nun aspecto que na lingüística dos nosos días se pode considerar básico para alicerzar investigacións rigorosas, o galego experimentou un avance máis que notable nos últimos 25 anos, ata o punto de atoparse nunha situación en boa medida equiparable á de linguas da contorna como o catalán, o castelán ou o portugués. Referímonos á disponibilidade de corpus lingüísticos que fagan posible unha fundamentación empírica sólida de tales investigacións en eidos como o gramatical, entre outros. O esforzo que realizan entidades como o Instituto da Lingua Galega, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ou o Seminario de Lingüística Informática e o grupo de Tecnoloxías Lingüísticas da Lingua Galega da Universidade de Vigo para deseñar e desenvolver recursos deste tipo é enorme, como tratamos de amosar páxinas atrás, e, sen dúbida, vai servir para producir no futuro inmediato –está producindo xa– resultados científicamente moito más rigorosos e fiables.

REFERENCIAS

Fontes primarias

- Agrupación Cultural «O Facho». 1978. *O galego hoxe: Curso de lingua*. A Coruña: Editorial La Voz de Galicia.
- Álvarez, R. et al. 1986. *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez, R. & Xove, X. 2002. *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. 1966. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Carballo Calero, R. 1974. *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia, 4^a ed.
- Carré Alvarellos, L. 1919. *Compendio de gramática galega*. A Coruña: Imprenta Nova.
- Carré Alvarellos, L. 1967. *Gramática gallega*. A Coruña: Moret.
- Cornu, J. 1904. Neugalizische Formenlehre. In: G. Gröber (Ed.), *Grundriss der romanischen Philologie, I*. Strassburg: Karl J. Trübner, 1031-1037. Traducción castelá de Fernando Martínez Morás: 1906. Morfología del gallego moderno. *Boletín da Real Academia Galega*. 1(1): 7-9; 1(2): 28-30; 1(3): 52-54; 1(4): 75-77; 1(5): 99-101.
- Fernández González, J. R. 1978. *Etnografía del Valle de Ancares: Estudio lingüístico según el método «Palabras y cosas»*. Anexo 10 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández González, J. R. 1981. *El habla de Ancares (León): Estudio fonético, morfosintáctico y léxico*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Freixeiro Mato, X. R. 2000. *Gramática da lingua galega: II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- García, C. (Dir.) & Santamarina, A. (Dir.) et al. 1990. *Atlas Lingüístico Galego: I. Morfoloxía verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- García, C. (Dir.) & Santamarina, A. (Dir.) et al. 1995. *Atlas Lingüístico Galego: II. Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- García García, J. 1983. *El habla de El Franco: Una variante lingüística del occidente de Asturias*. Mieres del Camino: Instituto Bernaldo de Quirós.
- García Gondar, F. 1978. *O infinitivo conxugado en galego*. Anexo 13 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Disponible en <https://doi.org/10.13140/RG.2.1.5016.4245>.
- González Fernández, I. 1978. *Sufijos nominales en el gallego actual*. Anexo 11 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto da Lingua Galega. 1971. *Gallego I*. Santiago de Compostela:

- Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto da Lingua Galega. 1972. *Gallego 2*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto da Lingua Galega. 1974. *Gallego 3*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Lugris Freire, M. 1922. *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imprenta Zincke Hermanos. Dispoñible en <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=120>.
- Mirás, F. 1864. *Compendio de gramática gallega-castellana con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La creación y redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*. Santiago de Compostela: Establecimiento Tipográfico de Manuel Mirás.
- Monteagudo, H. 1992. Subxuntivo futuro / indicativo presente na prótase das oracións condicionais do galego medieval. In: R. Lorenzo (Ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*: VI. Sección VI: Galego. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 337-352.
- Muñiz, C. 1978. *El habla del Valledor: Estudio descriptivo del gallego-asturiano de Allande (Asturias-España)*. Amsterdam: Academische Pers.
- Ogando Valcárcel, V. 1980. A colocación do pronomé átono en relación co verbo no galego-portugués medieval. *Verba*. 7: 251-282.
- Otero, A. 1952. Irregularidades verbales del gallego. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. 7(23): 399-405.
- Porto Dapena, J. A. 1977. *El gallego hablado en la comarca ferrolana*. Anexo 9 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Ribalta, A. 1916. A enseñanza do gallego. *Estudios Gallegos*. 22: 280-284.
- Rodríguez Rodríguez, M. 1902. Un bosquejo filológico sobre las lenguas neo-latinas. *Santiago*. 3(3): 11-13.
- Rojo, G. 1974. *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en http://gramatica.usc.es/~grojo/Publicaciones/Perífrasis_verbales_gallego.pdf.
- Saco Arce, J. A. 1868. *Gramática gallega*. Lugo: Imprenta de Soto y Freire.
- Santamarina, A. 1974a. *El verbo gallego: Estudio basado en el habla del Vallín del Suarna*. Anexo 4 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Santamarina, A. 1974b. Contribución pra un estudio das partículas

comparativas *que = ca* e *como = coma* en galego. *Verba*. 1: 16-30. Dispoñible en <http://hdl.handle.net/10347/2709>.

Taboada Cid, M. 1979. *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Valladares Núñez, M. 1884. *Diccionario gallego-castellano*. Santiago de Compostela: Tipografía del Seminario Conciliar Central.

Valladares Núñez, M. 1970 [1892]. *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia.

Estudos

Alonso Pintos, S. 2000. O ideal de lingua na *Gramática de Carballo Calero*. *Grial*, 38(147): 2000:461-474. Dispoñible en <http://www.cervantesvirtual.com/descargaPdf/grial--revista-galega-de-cultura-num-147-2000-929834/>.

Alonso Pintos, S. 2006. *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Dispoñible en <https://fundacionbarrie.org/publicaciones-detalle?681>.

Alonso Pintos, S. 2017. Investigar, elaborar, divulgar. O Instituto da Lingua na Universidade de Santiago de Compostela. *LaborHistórico*, 3(1): 49-62. Dispoñible en <http://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17106>.

Alonso Pintos, S. 2020. A liña do galego literario na Gramática de Carballo Calero. *Boletín da Real Academia Galega*. 381: 229-236. Dispoñible en <https://doi.org/10.32766/brag.381.794>.

Álvarez, R. 1990. As ideas lingüísticas de Antonio Couceiro Freijomil. In: *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento, 1888-1988*. A Coruña: Deputación Provincial, 89-99.

Álvarez, R. 2003. A gramática galega. In: H. Monteagudo e X. M. Bouzada (Coords.), *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). III: Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 131-163. Dispoñible en <http://conselloculturagal/publicacion.php?id=303>.

Álvarez, R. 2011. A gramática galega no século XX. O contributo de Carvalho Calero. In: C. C. Biscaíño Fernandes & X. M. Sánchez Rei (coords.), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, 13-29. Dispoñible en <http://hdl.handle.net/2183/13128>.

Álvarez, R. 2019. Galician Linguistics Between Hispanic Philological Tradition and Visibility in the Luso-Brazilian Sphere. In: G. Rei-Doval & F. Tejedo-Herrero (Eds.), *Lusophone, Galician, and Hispanic Linguistics. Bridging Frames and Traditions*. London / New York: Routledge, 92-112. Dispoñible en <https://www.taylorfrancis.com/books/e/9781315403946/chapters/10.4324/9781315403946-6>.

Álvarez, R. 2020. A fuego lento. La ansiada gramática de la RAG. *Euskera*. 65(2): 239-256. Disponible en <https://www.euskaltzaindia.eus/dok/euskera/50265.pdf>.

Álvarez, R. et al. 2004. Dous proxectos de Gramática Descriptiva. In: R. Álvarez et al. (Eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996), II*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 521-525. Disponible en <http://hdl.handle.net/10347/9849>.

Álvarez, R. et al. 2005. Entre o uso e a norma. O proxecto de *Gramática da Real Academia Galega*. In: R. Álvarez & H. Monteagudo (Eds.), *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 61-68. Disponible en <http://hdl.handle.net/10347/9663>.

Brea, M. 1994. Galeisch: Grammatikographie und Lexikographie = Gallego: Gramaticografía y lexicografía. In: Günter Holtus et al. (Eds.), *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL): VI/2. Galeisch, Portugiesisch = Gallego, Portugués*, Tübingen: Max Niemeyer, 110-129. Disponible en <https://doi.org/10.1515/9783110939637.110>.

Cidrás Escáneo, F. & Dubert García, F. 2017. A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego. *LaborHistórico*. 3(1): 111-125. Disponible en <http://doi.org/10.24206/lh.v3i1.17110>.

Dubert García, F. 2018. A gramática na *Gramática de Saco Arce. Boletín da Real Academia Galega*. 379: 365-383. Disponible en <https://doi.org/10.32766;brag.379.738>.

Dubert García, F. 2020. Algunhas notas sobre a *Gramática elemental del gallego común*. In: F. Cidrás Escáneo (Ed.), *Ricardo Carvalho Calero: As formas do compromiso: Día das Letras Galegas 2020*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 255-281.

Fernández Rei, F. 1991. O Instituto da Lingua Galega (1971-1990): contribución á investigación e á normalización do galego. In: M. Brea & F. Fernández Rei (Coords.), *Homenaxe ó profesor Constantino García, I*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 15-46. Disponible en <http://hdl.handle.net/10347/12313>.

Fernández Rei, F. 1994. Os traballos de Dámaso Alonso sobre o galego de Asturias e o ancarés. A súa importancia na historia da lingüística galega. In: F. Fernández Rei (Ed.), *Lingua e Cultura Galega de Asturias: Actas das I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias: Na busca das raíces da Terra Navia-Eo: Homenaxe a Dámaso Alonso (Grandas de Salime, 1990)*. Vigo: Xerais, 149-170.

Fernández Rei, F. 2009. El trabajo conjunto de la Real Academia Galega y el Instituto da Lingua Galega en el proceso de estandarización del gallego. In: *II Congreso de l'Aragonés (Zaragoza y Alto Aragón, 13, 14 y 15 de chulio de 2006). Actas*. Zaragoza: Estudio de Filolochía Aragonesa, 109-131. Disponible en http://academiadelaragones.org/biblio/Actas_II_Congreso_Aragones.pdf#page=109.

Fernández Rei, F. 2016. A botadura do Instituto da Lingua Galega. In: E. Corral Díaz et al. (Eds.), *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 399-409.

Fernández Rei, F. 2020. Ricardo Carvalho Calero, profesor e lingüista. *Boletín da Real Academia Galega*. 381: 285-300. Disponible en <https://doi.org/10.32766/brag.381.798>.

Fernández Salgado, B. 2000. *Os rudimentos da lingüística galega: Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Salgado, B. & Fernández Salgado, X. A. 2002. Francisco Mirás e a primeira gramática galega. In: M. A. Esparza Torres et al. (Eds.), *SEHL 2001. Estudios de Historiografía Lingüística: Actas del III Congreso Internacional de la Sociedad Española de Historiografía Lingüística (Vigo, 7-10 de febrero de 2001), I*. Hamburg: Helmut Buske, 139-152. Disponible en <https://www.academia.edu/15398902>.

Fernández Salgado, X. A. 2004. A obra gramatical de Marcial Valladares. *Cadernos de Lingua*. 26: 47-98. Disponible en <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/Cadernos/article/view/64>.

Fernández Salgado, X. A. 2005. *Marcial Valladares: Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Deputación Provincial. Disponible en <https://www.researchgate.net/publication/319036924>.

Freixeiro Mato, X. R. 2011. Carvalho Calero e a lingua galega: coherencia, compromiso e visión de futuro. In: C. C. Biscainho Fernandes & X. M. Sánchez Rei (Eds.), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, 67-85. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/13131>.

Freixeiro Mato, X. R. 2017. *Sobre historiografía gramatical e codificación lingüística (1955-1971). O Epítome de gramática galega e outros textos*. A Coruña: Universidade da Coruña. Disponible en http://illa.udc.es/rgf/pdf/mon_12.pdf.

González González, M. 2020. A *Gramática elemental del gallego común* e a creación da cátedra de galego na USC, dúas referencias na historia do galego do século XX. In: A. Tarrío & A. Requeixo (Coords.), *Estudos arredor de Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 117-135.

González Seoane, E. X. 1992. *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*. Tese de Doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Dispoñible en <http://hdl.handle.net/10347/19749>.

González Seoane, E. X. 1994. Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX. In: R. Lorenzo (Ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*: VI. Sección VI: Galego, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, p. 75-88. Dispoñible en <https://www.researchgate.net/publication/279996427>.

González Seoane, E. X. 2006a. A Gramática de Lugrís na tradición lingüística galega. *Boletín da Real Academia Galega*. 367: 25-36. Dispoñible en <http://publicacionsperiodicas.academia.gal/index.php/BRAG/article/view/273>.

González Seoane, E. X. 2006b. Lugrís ou a gramática ao servizo da *santa e xusta causa*. In: A. Santamarina & A. Tarrío Varela (Coords.), *Manuel Lugrís Freire: Día das Letras Galegas 2006*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 97-113.

González Seoane, E. X. 2011. Da invención e fundación do ILG. *Grial*. 49(191): 17-21. Dispoñible en https://ilg.usc.es/sites/default/files/publicaciones_investigadores/fdez_seoane_grial_191.pdf.

González Seoane, E. X. 2018. Descripción e prescripción na Gramática de Saco. *Boletín da Real Academia Galega*. 379: 407-417. Dispoñible en <https://doi.org/10.32766/brag.379.740>.

Henríquez Salido, M. C. 1986. As gramáticas do galego do século XIX. In: *Actas [do] I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 20-24 Setembro 1984)*. Ourense: Associaçom Galega da Língua, 443-467.

Henríquez Salido, M. C. 1992. A língua e a gramática nas *Irmandades da Fala: A Nosa Terra* (1916-1920). In: M. C. Henríquez Salido (ed.), *Actas [do] III Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Vigo / Ourense, 1990): Em Homenagem ao Professor Carvalho Calero*. Ourense: Associaçom Galega da Língua, 173-212.

Henríquez Salido, M. C. 1999. As *rectificaçons* das edicións da *Gramática do Professor Ricardo Carvalho Calero*. In: M. C. Henríquez Salido & M. A. Esparza Torres (Eds.), *Estudios de historiografía lingüística hispánica ofrecidos a Hans-Josef Niederehe*. Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filología Española, 73-96.

Henríquez Salido, M. C. 2006. O significado da *gramática* do professor Carvalho Calero no mundo luso-brasileiro. In: X. M. Cid Fernández (Coord.), *Repensar a educación: Realidades e desafíos: Homenaxe ó profesorado xubilado nos cinco anos de Facultade de Educación*. Vigo: Universidade de Vigo, 333-345.

Holtus, G. et al. (Eds.). 1994. *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL): VI/2. Galeisch, Portugiesisch*. Tübingen: Max Niemeyer. Disponible en <https://doi.org/10.1515/9783110939637>.

López, T. 2016. A literatura galega nas gramáticas do século XIX. *Estudos de Lingüística Galega*. 8: 147-166. Disponible en <<https://doi.org/10.15304/elg.8.3197>>.

López, T. 2018. «Con abundancia de razóns»: a literatura na Gramática de Saco Arce. *Boletín da Real Academia Galega*. 379: 351-363. Disponible en <https://doi.org/10.32766/brag.379.737>.

Mariño Paz, R. 2002. A obra lingüística de Carvalho Calero. In: T. López & F. Salinas (Eds.), *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século*. A Coruña: Universidade da Coruña, Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística / Asociación Socio-Pedagóxica Galega, 67-106. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/10544>.

Martínez González, X. 2018. A obra de Saco Arce no contexto do Rexurdimento. *Boletín da Real Academia Galega*. 379: 419-462. Disponible en <https://doi.org/10.32766/brag.379.741>.

Monteagudo, H. & Santamarina, A. 1996. No vintecinco aniversario do Instituto da Lingua galega. Entrevista con Antón Santamarina. *Grial*. 34(129): 26-42. Disponible en <http://www.cervantesvirtual.com/descargaPdf/grial--revista-galega-de-cultura-num-129-1996-924568/>.

Monteagudo, H. 2020. A individualidade do galego no pensamento lingüístico de Ricardo Carballo Calero. In: F. Cidrás Escáneo (Ed.), *Ricardo Carvalho Calero: As formas do compromiso: Día das Letras Galegas 2020*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 329-360.

Montero Santalha, J.-M. 2011. Etapas no pensamento linguístico de Ricardo Carvalho Calero. In: C. C. Biscaíno Fernandes & X. M. Sánchez Rei (Coords.), *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña, 127-146. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/13122>.

Montero Santalha, J.-M. 2020. O contributo linguístico de Carvalho Calero. In: F. Cidrás Escáneo (Ed.), *Ricardo Carvalho Calero: As formas do compromiso: Día das Letras Galegas 2020*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 283-304. Disponible en <https://www.academia.edu/44644106>.

Regueira, X. L. 1991. Die galicische Grammatik in Geschichte und Gegenwart. In: U. Herrmann & A. Schönberger (Eds.), *Studien zu Sprache und Literatur Galiciens: Akten des 1. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik und Katalanistik (Berlin, 1990)*. Frankfurt am Main: TFM / Domus Editoria Europaea, 19-33.

- Regueira, X. L. 1996. Os estudos de lingüística galega. In: R. Lorenzo & R. Álvarez (Eds.), *Homenaxe á Profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 47-67.
- Regueira, X. L. 2000. Historiografía da lingüística galega. In: *Apéndice da Gran Enciclopedia Gallega: XXXIV. DACOSTA-JOSÉ*. A Coruña: Novos Vieiros, 239-243.
- Regueira, X. L. 2007. Galician Language Studies: Between Ideology and Linguistics. *Galician Review*. 5-6: 1-24. Disponible en <https://www.academia.edu/19068059>.
- Rodríguez Vilarinho, F. 1989. Precursors dos estudos lingüísticos e gramaticais na Galiza. In: *Actas [do] II Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza. 1987 (Santiago de Compostela, 23 de Setembro / Ourense, 27 de Setembro)*. Ourense: Associaçom Galega da Língua, 137-155.
- Sánchez Rei, X. M. 2005. Trazos xerais da tradición grammatical galega. *Revista Galega de Filoloxía*. 6: 93-121. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/2625>.
- Sánchez Rei, X. M. 2006a. A emerxencia da lingüística galega no século XIX. In: F. Salinas Portugal & M^a do A. Tavares Maleval (Orgs.), *Estudos Galego-Brasileiros 2*. A Coruña: Universidade da Coruña, 249-269. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/29021>.
- Sánchez Rei, X. M. 2006b. Algúns apuntamentos sobre a *Gramática do idioma galego* (1922-1931) de Manuel Lugrís Freire. *Rraigame*. 23: 60-71. Disponible en http://www.ccpxaquinlorenzo.es/index.php?option=com_phocadownload&view=category&download=24%3Araigame-23.
- Sánchez Rei, X. M. 2008. Algunhas observacións sobre a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carvalho-Calero. *Madrygal*. 11: 101-112. Disponible en <https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/MADR0808110101A/32955>.
- Sánchez Rei, X. M. 2009a. A emerxencia da lingüística galega na segunda metade do século XX: a *Gramática* de Ricardo Carvalho Calero. In: L. Tato Fontaiña & M^a do A. Tavares Maleval (Orgs.), *Estudos Galego-Brasileiros 3: Língua, literatura, identidade*. Rio de Janeiro: Editora da Universidade do Estado do Rio de Janeiro, 265-284. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/29022>.
- Sánchez Rei, X. M. 2009b. Manuel Lugrís Freire, gramático. In: C. Fernández Pérez-Sanjulián, M^a P. García Negro & H. Rabuñal Corgo (Eds.), *Congreso sobre Lugrís Freire*. A Coruña: Universidade da Coruña, 107-129. Disponible en http://illa.udc.es/Repository/Publications/Drafts/1432720222731_Manuel_Lugris_Freire.pdf.

Sánchez Rei, X. M. 2016. Descripción e prescripción na *Gramática do idioma galego* de Lugrís Freire (1922, 1931). In: C. Fernández Pérez-Sanjulián (Ed.), *As Irmandades da Fala, cen anos despois*. A Coruña: Universidade da Coruña, 141-155.

Santamarina, A. 1989. Estado e tarefas da lingüística galega. In: D. Kremer (Ed.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Trèves, 1986): VII. *Histoire de la linguistique et de la philologie romanes. Philologie romane et langues romanes: prise de conscience ou: la philologie pour quoi faire?*. Tübingen: Max Niemeyer, 289-310.

Santamarina, A. 2004. O Instituto da Lingua Galega: 25 anos de protagonismo e testemuño. In: R. Álvarez et al. (Eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 21-36. Disponible en <http://hdl.handle.net/10347/9883>.

Santamarina, A. 2011. O Instituto da Lingua Galega hai 40 anos. *A Trabe de Ouro*. 86: 145-156.

Santamarina, A. 2018. Saco Arce como gramático. Significado e pegada da súa obra. *Boletín da Real Academia Galega*. 379: 329-349. Disponible en <https://doi.org/10.32766/brag.379.736>.

Vázquez Villanueva, G. 2001. Estandarización e identidad comunitaria. Las representaciones de la lengua gallega en las gramáticas y los diccionarios del siglo XIX. In: R. Bein & J. Born (Eds.), *Políticas lingüísticas: Norma e identidad: Estudios de casos y aspectos teóricos en torno al gallego, el español y lenguas minoritarias*. Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires, Facultad de Filosofía y Letras, Instituto de Lingüística, Secretaría de Extensión Universitaria, 67-82. Disponible en http://www.filoz.uba.ar/contenidos/secretarias/seube/catedras/gallegos/VVillanueva_Estandarizacion.pdf.

